



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 31 DE MAIO DE 2021.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 20 horas do día 31 de maio de 2021, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Lois García Carballido, reúnese en primeira convocatoria o Pleno municipal, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE
D. Xosé Lois García Carballido

SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Polo PSdeG-PSOE:

D^a. Noelia María Varela Suárez
D^a. María Teresa Chouciño Calvete

Polo Partido Popular, PP:

D^a. Marta María Carrillo Aguiar
D. Jesús Daniel García Cotelo.

Por APIN-SON Ponteceso:

D. José Manuel Pose Verdes
D. Marco Antonio Varela Vidal

Concelleiros non adscritos:

D. Miguel Ángel González Gómez.
D^a. Raquel Fondo Pérez
D. Faustino Santiago Lema
D^a. Ana Pérez Imia
D. Salvador Eiroa Ameijenda

Incorpórase á sesión a partir do punto 1º a concelleira D^a. Ana María Vecino Santiago

SRES. CONCELLEIROS/AS AUSENTES.-

SECRETARIO ACCIDENTAL: D. EMILIO CAÍNZOS QUINTÁS
INTERVENTORA: D^a. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e a continuación procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

PARTE RESOLUTIVA

1º.- TOMA DE POSESIÓN DE D^a. ANA MARÍA VECINO SANTIAGO. EXP. 2021/X999/000074.-

Na data 25 de febreiro de 2021 D^a M^a Beatriz Martínez Calvo presenta por Rexistro de Entrada do Concello de Ponteceso a súa renuncia irrevocable á acta de concelleira debido a causas persoais, da que se deu coñecemento ao Pleno na sesión extraordinaria celebrada o día 3 de marzo de 2021, elevándose á Xunta Electoral Central para que consonte ao establecido no artigo 182 da LOREG proceda á designación e expedición da credencial acreditativa de concelleiro/a electo/a a favor do do candidato seguinte da lista a quen corresponda.

Logo de ver as previas renunciadas anticipadas dos seguintes candidatos da lista presentada polo Partido Popular ás eleccións municipais do 26 de maio de 2019, a Xunta Electoral Central na data de 06-04-2021 expediu a credencial acreditativa a favor de D^a. ANA MARÍA VECINO SANTIAGO como concelleira do Concello de Ponteceso

Consonte ao establecido nos artigos 30 e 31 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e co artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, a interesada presenta na data de 18-05-2021 a declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo así como a declaración sobre causas de incompatibilidade antes de tomar posesión do seu cargo como concelleira do Partido Popular de Ponteceso, a efectos da súa inscrición no Rexistro de Intereses do Concello, e *ao non apreciarse causas de incompatibilidade, e ao cumprirse o establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, LRBRL, a concelleira designada pola Xunta Electoral Central está en condicións de proceder á toma de posesión.*

En cumprimento do establecido no artigo 108.8 da LOREG, e conforme á fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas, a candidata electa designada pola Xunta Electoral Central procederá a prestar xuramento ou promesa.

O Presidente chama á candidata designada como concelleira D^a. Ana María Vecino Santiago e pregúntalle se xura ou promete cumprir fielmente as obrigas do cargo con lealdade ao Rei e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, facendo diante de todos os presentes, e resposta a designada si promete.

Polo que, realizados os trámites anteriores, a concelleira designada pola Xunta Electoral Central, D^a. ANA MARÍA VECINO SANTIAGO toma formalmente posesión do seu cargo de concelleira do Concello de Ponteceso, e o Sr. Alcalde Presidente a felicita e deséxalle sorte no cumprimento das súas novas obrigas.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

2º. APROBACIÓN ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.-

Correspondentes ás sesións do Pleno celebradas o día **26-11-2020**, extraordinaria, e o día **29-03-2021**, ordinaria, o Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás actas anteriores, e a concelleira D^a. Ana Pérez Imia manifesta que non vai votar a favor da acta do 26-11-2020 xa que observa que no punto primeiro no se recolle no literal o relativo á instalación de cámaras, polo que prega a súa rectificación, o secretario accidental manifesta que por mor da ausencia da secretaria, e ao ser ela quen deu fe desa sesión non pode nin debe manifestarse, e o alcalde di que se sometan a votación cada unha das actas, en primeiro lugar a correspondente á sesión do día 26-11-2020, reflectindo o seguinte resultado: Tres (3) votos a favor, os concelleiros do G.M. do PSdeG-PSOE; votos en contra: Oito (8), os concelleiros do G.M. do PP (3) e os concelleiros non adscritos (5). Polo que o Pleno non aproba a acta da sesión extraordinaria do 26-11-2020.

A continuación sométese a votación a aprobación correspondente á sesión do día **29-03-2021**, reflectindo o seguinte resultado: Catro (4) votos a favor, os concelleiros do G.M. do PSdeG-PSOE e D. Marco Varela Vidal do G.M. de APIN ; Tres (3) votos en contra, os dos concelleiros do G.M. do PP; e seis (6) abstencións, a do voceiro de APIN, Sr. Pose, e os cinco concelleiros non adscritos. Polo que o Pleno aproba a acta da sesión ordinaria do 29-03-2021.

Antes de pasar aos seguintes puntos da orde do día, o secretario accidental pide a palabra e fai constar que o artigo 126 do ROF establece “1. Los dictámenes de las Comisiones informativas tienen carácter preceptivo y no vinculante.”, pola súa parte o artigo 137 establece “2. De cada sesión de las Comisiones informativas se levantará acta en la que consten los extremos a que se refieren los apartados a), b), c), d), e), g), h) y j) del artículo 109.1 del presente Reglamento y a la que se acompañarán los dictámenes que hayan sido aprobados y los votos particulares que hayan sido formulados a aquéllos.”, por mor da baixa por enfermidade da secretaria titular non consta asinada a acta correspondente á Comisión Informativa de Asuntos Xerais e Especial de Contas celebrada o día 26-05-2021, polo que tampouco existen os ditámenes que preceptivamente deben acompañar ás propostas de acordo, á vista do cal incorporárase a cada punto das propostas de acordo o sentido do voto expresado na documentación existente como borrador da acta, sen asinar neste intre.

3º. PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A APROBACIÓN DO PROXECTO PARA CONTRATAR A OBRA DENOMINADA: RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE PONTECESO E INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN (EXPTE. 2021/C005/000001).

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver a Resolución do IDAE pola que se lle concede ó Concello de Ponteceso unha axuda por importe máximo de 2.007.580,80 €, expediente FEDER- EELL-2019-003016, segundo o que establece o Real decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, modificado polo Real decreto 1516/2018, de 28 de decembro, e o Real decreto 316/2019, de 26 de abril, para levar a cabo o proxecto coas actuacións descritas anteriormente.

Logo de ver o expediente de contratación de servizos: REDACCIÓN DO PROXECTO, DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE PONTECESO (EXPEDIENTE: 2020/C004/000001), que foi adxudicado por Resolución da Alcaldía número 571/2020, de 3 de setembro, ó enxeñeiro técnico industrial, colexiado número 2.343 COETICOR, Martín Lema Pose, e cuxo contrato administrativo se asinou o 11/09/2020.

Logo de ver o proxecto da obra denominada: **RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE PONTECESO**, redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Martín Lema Pose, colexiado número 2.343 COETICOR, cun orzamento de execución por contrata de 2.005.143,19 € e 421.080,07 € de IVE, totalizando 2.426.223,26 €, de novembro 2020.

Logo de ver o informe do enxeñeiro de edificación e arquitecto técnico dos Servizos Técnicos Municipais, Ernesto Fernando Calvo Pérez, de 15/12/2020.

Logo de ver que as actuacións reflectidas no Proxecto afectan a varios organismos ao estar dentro dos ámbitos de afección das distintas normativas sectoriais vixentes, obténdose as correspondentes autorizacións para a súa execución:

- **Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de A Coruña.**

Con data 11.01.2021. Recíbese Resolución do Expediente: 202000043211. No que se notifica conceder a AUTORIZACION de obra para a renovación do alumeado público exterior do concello de Ponteceso, na DP 1405 Pazos a Leas por Beres, DP 4307 Malpica a Ponteceso, DP 6801 Campara a Corme por Brantuas, DP 6802 de la iglesia de Nemeño a Cra Buño a Laxe, DP 6804 Corme ao Roncudo e DP 6805 Campara a Pazos.

- **Servizo de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xefatura Territorial da Coruña. Xunta de Galicia.**

Con data 02.02.2021. Recíbese Resolución do Expediente: 2707/20. No que se notifica AUTORIZAR as obras de renovación de alumeado solicitadas coas condicións que figuran nos informes dos servizos técnicos, agás aquelas actuacións que se sitúen sobre a protección integral dos xacementos arqueolóxicos que non se autorizan. Unha vez rematadas as obras e no prazo de seis meses deberase achegar unha memoria final das obras executadas de acordo co disposto no artigo 43 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia e conforme ao indicado nos anteditos informes.

- **Demarcación de Costas en Galicia. Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Dirección General de la Costa y el Mar.**



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Con data 03.02.2021. Recíbese informe do Expediente: NUESTRA/REF: OPC 24/03-2020; AUT02/20/15/0089; OFA: "... A la vista de la documentación que aporta con su solicitud se deduce que las actuaciones se situarían en servidumbre de protección, por lo que debe dirigir su solicitud a la Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, por ser el organismo con competencias en el Asunto. Con data 03.03.2021. Recíbese informe do Expediente: NUESTRA/REF: OPC 24/03-2020; AUT02/20/15/0089; OFA: Como complemento al informe emitido por esta Demarcación de Costas en fecha 03/02/2021, exclusivamente en cuanto a ocupaciones en dominio público marítimo terrestre por el proyecto presentado, informarles: a) En relación a actuaciones asociadas al paseo marítimo de Corme y Ponteceso, así como acceso a Playa A Ermida, no existe inconveniente por cuanto se corresponden con actuaciones de conservación y mantenimiento de paseos competencia de ese ayuntamiento. b) En relación a actuaciones en zona de servicio de Puertos de Corme y Ponteceso, deberá dirigir su solicitud a Portos de Galicia por ser la administración con competencias sobre dicho ámbito de costa.

• **Servizo Provincial da AXI en A Coruña. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Xunta de Galicia.**

Con data 05.02.2021. Recíbese Resolución do Expediente: IF204A/AC/2021/0013. No que se notifica AUTORIZAR ao CONCELLO DE PONTECESO no que respecta á competencia sectorial en materia de estradas, a execución das obras de no P.Q da estrada AC-419; AC-424 no concello de PONTECESO. RENOVACIÓN ALUMEADO PÚBLICO.

• **Portos de Galicia. Consellería do Mar. Xunta de Galicia.**

Con data 08.03.2021. Recíbese Resolución de AUTORIZACIÓN de utilización das instalacións portuarias para execución de renovación do alumeado público exterior do concello de Ponteceso, segundo a solicitude do Concello recibida o 17/12/2020 (número rexistro entrada 2020009465) conforme ó descrito.

• **Servizo de Urbanismo. Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Delegación Territorial da Coruña. Xunta de Galicia.**

Con data 06.04.2021. Recíbese Resolución do Expediente: A-2020/191. No que se notifica OUTORGAR ao Concello de Ponteceso unha autorización en servidume de tránsito e de protección do dominio público marítimo terrestre, nas parroquias de Corme-Porto, Cospindo, Tella e Anllóns, termo municipal de Ponteceso, para a realización das obras recollidas no "Proxecto de renovación do alumeado público exterior do Concello de Ponteceso", asinado en novembro 2020, polo enxeñeiro técnico industrial Martín Lema Pose, de conformidade cos preceptos e consideracións transcritas anteriormente, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e da obtención de calquera outra autorización que sexa necesaria de acordo coas lexislacións sectoriais vixentes (de xeito nomeado o pronunciamento favorable do Servizo de Patrimonio Natural da Coruña da Xunta de Galicia), así como das determinacións legais e do planeamento urbanístico que resulte de aplicación.

Ao considerarse a actuación como menor no dominio público hidráulico e na zona de policía,



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

tramitouse con data 17/12/2020 a correspondente declaración responsable ante **Augas de Galicia, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Xunta de Galicia**, para a realización das obras menores de mantemento ou mellora da rede viaria pública (tendidos soterrados de redes de abastecemento, sumidoiro, electricidade, gas ou telecomunicacións. Sen movemento de terras, coa excepción das necesarias para as gabias).

Logo de ver o informe do enxeñeiro de edificación e arquitecto técnico dos Servizos Técnicos Municipais, Ernesto Fernando Calvo Pérez, de 07/04/2021, no que fai constar que as autorizacións sectoriais obtidas están completas, debéndose cumprir na execución da "Renovación do Alumeado Público Exterior do Concello de Ponteceso" todas as condicións "Xerais e Particulares" indicadas nos informes sectoriais preceptivos, así como a viabilidade urbanística do proxecto en cuestión e do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, e do planeamento en vigor, de acordo co artigo 147.2 da Lei do Solo de Galicia.

Logo de ver o contido no Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (BOE 25/10/1997).

Logo de ver o informe de supervisión do proxecto emitido en sentido favorable pola enxeñeira técnica D^a. Isabel Pena Barca, do SATM da Deputación da Coruña, consonte ao establecido no artigo 233 da LCSP.

Logo de ver o retraso producido na tramitación do expediente de aprobación do proxecto, por mor da entrada en vigor do Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma a consecuencia da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, así como das autorizacións sectoriais precisas e previas á aprobación do proxecto, as cales solicitáronse o día 12 de decembro de 2020, e recibíndose a última, correspondente ao Servizo de Urbanismo, da Xunta de Galicia, o día 06-04-2021, así como o preceptivo informe de supervisión do proxecto, consonte ao esixido no art. 233 da LCSP, ocasionando un retraso considerable de máis de catro meses. Por todo isto considérase a necesidade de solicitar unha nova prórroga de TRES MESES para poder cumprir os prazos impostos polo IDAE.

Logo de ver o informe-memoria do T.A.X, de data 05-05-2021, aos efectos do disposto nos artigos 28 e 116 da LCSP e 172.1 e 175 do ROF, no que se xustifica a necesidade da contratación, así como se sinala o procedemento de adxudicación e o órgano competente para a adopción do acordo de inicio do expediente.

Tendo en conta o establecido nos artigos 231 a 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2015/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e nos artigos 124 ao 137 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Considerando o disposto no artigo 147.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto da obra denominada: **RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE PONTECESO**, redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Martín Lema Pose, colexiado número 2.343 COETICOR, cun orzamento de execución por contrata de 2.005.143,19 € e 421.080,07 € de IVE, totalizando 2.426.223,26 €, de novembro 2020.

SEGUNDO.- Iniciar o expediente do contrato administrativo denominado “**Renovación do alumeado público exterior do Concello de Ponteceso**”, redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Martín Lema Pose, colexiado núm. 2.343 do COETICOR, o cal se adjudicará utilizando o procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adjudicación, sen variantes e tramitación ordinaria, segundo o establecido nos artigos 131.2 e 156 da LCSP, e suxeito a regulación harmonizada (SARA), conforme ao establecido nos arts. 19, 21 e 23 de LCSP, o cal anunciarase no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante do órgano de contratación, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

TERCEIRO.- Solicitar unha segunda prórroga de TRES MESES ao IDAE para acreditar que se levaron a cabo as actuacións precisas para a contratación e adjudicación da execución do expediente FEDER- EELL-2019-003016, “RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE PONTECESO”.

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 26-05-2021, segundo se desprende do borrador da acta, ditaminou favorablemente a proposta de acordo para a **APROBACIÓN DO PROXECTO PARA CONTRATAR A OBRA DENOMINADA: RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE PONTECESO E INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN (EXPTE. 2021/C005/000001)**.

O alcalde inicia o debate e manifesta que esta subvención do IDAE é moi interesante para o concello, ten unha aportación municipal do 20% e o 80% restante o financia o IDAE, máis de 2.000.000 de euros, que permitirán a posta ao día de todo o alumeado co conseguinte aforro para o concello. O que se trae hoxe e a aprobación do proxecto, o cal foi explicado na comisión polo técnico redactor, e o inicio do expediente de contratación, así como unha prórroga pola demora na tramitación das autorizacións sectoriais. Pregunta si algún voceiro quere intervir.

Pide a palabra o Sr. Pose, voceiro do G.M. de APIN, e di que para aclarar certos comentarios que circulan polo pobo, co proxecto anterior do tripartito tratábase de lograr unha xestión integral de todo o alumeado. Ese proxecto serviu para solicitar ao IDAE, pero este contempla só os puntos de alumeado público e cadros, pola contra o anterior contemplaba os puntos,



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

cadros, mantemento integral, alumado festivo e de nadal e o subministro de enerxía. Pero o proxecto do Sr. Alcalde, co que di que vai aforrar dous millóns, non ten todo, e o máis importante o mantemento integral e o subministro a 15 anos. Este proxecto non ten nada que ver co que hoxe se trae. O concello non tería que xestionar o pagamento das facturas, hoxe trae facturas de luz, coa nosa proposta non as traería. Cando remate o período de garantía das luces, aos 10 anos sufrirán o deterioro e haberá que substituílas. Unha cousa é poñer luminarias e outra o aforro. Neste non se contempla e noutro si. Aforraríamos burocracia e cartos, levamos dous anos perdendo 250.000 euros cada ano, gastando enerxía sen ter por que. Vostede sabe que o concello está a roubar enerxía desde hai moito tempo, que xa ven de atrás. Agora van 13 novos subministros . Co anterior proxecto a subvención tamén entraba. Cando rematen eses 10 anos de garantía veremos si esta era a mellor solución ou a outra. Nos imos aprobar este proxecto, é competencia do Pleno, pola miña parte vou estar enriba para que vostede non se desmadre.

Pide a palabra o Sr. García Cotelo, voceiro do G.M. do P.P., e di que no ano 2017 aprobouse a Lei 9/2017, de contratos do Sector Público. A igualdade e a libre competencia sinalada nesta lei non permiten facer ningunha referencia a marcas concretas. Neste proxecto, páxinas 15, 45, 400, 492, 532, 563 e máis faise mención a marcas concretas. Isto pasa por contratar a xente en baixa temeraria. Este proxecto non pode ir adiante porque incumpre a LCSP, Lei 9/2017. O Partido Popular vai votar en contra. Imos estar moi encima. Busque solucións para os carteis de A Campara e Pazos.

Pide a palabra o Sr. Eiroa Ameijenda, concelleiro non adscrito, e pregúntalle ao alcalde si é voceiro, e tamén ao secretario accidental si é voceiro. O Sr. alcalde dálle a palabra ao secretario accidental para que lle responda, manifestándolle que non é voceiro, que é concelleiro non adscrito, que os voceiros corresponden aos grupos municipais, e os concelleiros non adscritos están en por eles, cada un se representa a si mesmo e non poden formar grupo municipal. O Sr. Concelleiro manifesta que o seu voto vai ser en contra, que este proxecto custa o dobre que o doutros concellos.

O alcalde agradece a APIN o seu voto favorable, e di que conseguir unha subvención de 2.000.000 de euros e moi beneficioso para o concello. Hai que someterse a unhas normas moi estritas. É un proxecto de subministro e obra. Pídelle ao PP que se mova á abstención, e si veu o técnico á comisión foi para resolver aclaracións. Agora trátase de aprobar o proxecto, despois a licitación, cumprir os prazos, competencia de Pleno.

Pide a palabra a Sra. Carrillo Aguiar do G.M. do PP e manifesta que conste en acta que o técnico negou na comisión que houbera marcas e referencias concretas no proxecto, e vostede tamén dixo que non.

Pide a palabra a Sr. Pérez Imia, concelleira non adscrita, e manifesta que o IDAE ten uns prazos, e o Sr. Alcalde na comisión nada nos dixo e pídese unha prórroga e agora quere pedir outra, non se entende.

O Alcalde responde que coa asistencia do técnico redactor do proxecto tratábase de asesorar e resolver dúbidas. Con respecto aos prazos, dígolles que estamos en prazo, pídese unha prórroga porque a tramitación das moitas autorizacións sectoriais levou tempo, e non se está



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

a retrasar tanto o proxecto como a contratación.

O alcalde somete a votación a proposta, co seguinte resultado:

Votos a favor: Cinco (5), os concelleiros do G.M. do PSdeG-PSOE (3) e APIN (2).

Votos en contra: Sete (7), os concelleiros do G.M. do PP (3) e os concelleiros non adscritos Sr. González, Sr. Santiago, Sra. Fondo e Sr. Eiroa.

Abstencións: Unha (1), a concelleira non adscrita Sra. Pérez Imia.

Polo que o Pleno non aproba a proposta de acordo e decae.

4º.- PROPOSTA DE EXECUCIÓN DA SENTENZA 4022/2017 DO T.S.X.G. CON/AD. SEC. 2-002 (P.O. 4220/2015), APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE PONTECESO. EXPTE. 2019/X999/000211.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con data 17 de novembro de 2016, en sentenza 685/2016, estima parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto por D Jaime Joaquín Valdés Parga (P.O. nº 4220/2015) contra a orde do 6 de maio do 2015 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se aprobou o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ponteceso, e anula dita disposición e o plan xeral que aproba no que se refire a cualificación da parcela do actor de referencia catastral 8478308NH0887N0001TX e declara que ha de ser cualificado na súa totalidade como solo urbano consolidado.

O 17 de abril do 2017, auto ditado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento PO 4220/2015 polo que se acorda ordenar a administración demandada a execución forzosa da sentenza firme nº 685/2016 do 17.11.2016, no prazo dun mes, facendo o apercibimento de que es caso de incumprimento se adoptaran medidas necesarias para lograr a súa efectividade.

Oficio da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no que se establece que o procedemento de aprobación do plan xeral de ordenación é un procedemento bifásico, polo que corresponde realizar ao Concello de Ponteceso as actuacións materias precisas para dar debido cumprimento ó esixido no fallo da sentenza 685/2016 ditada polo TSXG, sometendo posteriormente a súa aprobación definitiva á consideración da Consellería de Medio Ambiente e ordenación do territorio.

O 12.09.2019 o Arquitecto Alvaro Fernández Carballada, en representación de Fernández Carballada & Asociados, SLP", remite o documento para dar cumprimento á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a cal establece (no seu artigo 29) que dentro do procedemento administrativo de aprobación do plan urbanístico, o promotor debe presentar ante o órgano substantivo (administración pública que ostente as competencias para aprobar o plan proposto), unha solicitude de inicio do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, acompañada do borrador do plan e dun documento ambiental estratéxico.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

O 18.09.2019 Solicitude do Concello de Ponteceso do inicio do trámite de avaliación ambiental estratéxica simplificada relativa a modificación MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PXOM DE PONTECESO, MODIFICACIÓN DO POLÍGONO DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO AR-D3.2”.

Trámite de consultas no procedemento de avaliación ambiental extratexia simplificada por parte do órgano ambiental por un prazo de 2 meses que se comunica por parte da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 20.09.2019

O 19/12/2019 recíbese Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Dirección Xeral de calidade Ambiental e Cambio Climático. Xunta de Galicia. Expediente: 2019AAE2377, pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo á Modificación puntual núm. 2 do Plan xeral de ordenación municipal, no concello de Ponteceso (A Coruña), resolvendo non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a Modificación puntual núm. 2 do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Ponteceso.

O Arquitecto Alvaro Fernández Carballada, en representación de Fernández Carballada & Asociados, SLP”, remite ao concello o 01/04/2020 documento de APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PXOM DE PONTECESO, MODIFICACIÓN DO POLÍGONO DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO AR-D3.2”, o 8/04/2020 e posteriormente con data 13/04/2020 se lle achega o “DOCUMENTO PARA APROBACION INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PXOM DE PONTECESO, MODIFICACIÓN DO POLÍGONO DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO AR-D3.2” ao Ministerio para la Transición Ecológica. Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar I, ao obxecto que se emitan o seu preceptivo informe, dando cumprimento ao disposto no art. 117.2 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas.

Con data 19/11/2020 recíbese informe do MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO (SECRETARIA DE ESTADO DE MEDIO AMBIENTE DIRECCION GENERAL DE LA COSTA Y EL MAR. Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre, sobre el asunto: MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DEL PLAN GENERAL DE ORDENACION EN EL POLIGONO DE SUELO URBANO NO CONSOLIDADO AR-D3.2 EN PONTECESO (CORUÑA)-REF: PLA01/20/15/0008, no que indica:

“... 2.- CONSIDERACIONES El análisis y estudio de la documentación aportada de la Modificación Puntual y los datos obrantes en este Departamento, permiten hacer las siguientes consideraciones desde el punto de vista del borde litoral:

1. El ámbito de la Modificación Puntual se encuentra afectado por el expediente de deslinde DL116- LC, aprobado por O.M. de 22 de septiembre de 2006. En el apartado 2.5.2 de la Memoria se recoge erróneamente que el ámbito se encuentra afectado por el expediente de deslinde DES01/08/15/0005, por lo que este aspecto deberá corregirse.

En los Planos aportados se representan las líneas de ribera del mar, dominio público marítimoterrestre, servidumbre de protección y la zona de influencia, observándose un error en la representación de la servidumbre de protección, quedando afectada parcialmente la parcela objeto de informe por dicha servidumbre: Asimismo, conforme a lo regulado en el artículo 227.4 a) del RGC, en todos los Planos deberán dibujarse, además de las citadas líneas, las servidumbres de tránsito y acceso al mar, debiendo tener en cuenta que en las zonas urbanas los de tráfico rodado deberán estar separados entre sí como máximo 500



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

metros y los peatonales 200 metros. Todo ello con independencia de considerar que, ante cualquier desajuste en la representación de las citadas líneas, prevalecerán los datos de los planos de deslinde sobre los reflejados en el planeamiento.

2. De acuerdo con lo indicado en la Consideración anterior, el ámbito se encontraría parcialmente afectado por la servidumbre de protección y totalmente afectado por la zona de influencia.

2.1. Respecto a la servidumbre de protección, se observa que recaería sobre parte de la edificación residencial y sobre viario, siendo este último una afección puntual a priori acorde con las determinaciones de la normativa sectorial de Costas.

No obstante, respecto al uso residencial, de acuerdo con lo regulado en el artículo 25.1 de la Ley de Costas y concordantes de su Reglamento General, si bien la calificación como residencial resulta compatible con la normativa de Costas, la edificación residencial es un uso expresamente prohibido en la zona de servidumbre de protección, sin perjuicio del régimen transitorio que sea de aplicación, por lo que deberá replantearse la ubicación de la citada edificación residencial, de tal manera que no ocupe terrenos afectados por la servidumbre de protección:

1.1. En relación a la zona de influencia, deberá tenerse en cuenta lo regulado en el artículo 30 de la Ley de Costas y así deberá justificarse y hacerse constar expresamente, que las construcciones evitan la formación de pantallas arquitectónicas o acumulación de volúmenes, de tal manera que la disposición y altura de las edificaciones propuestas (B+3) se realice de forma armónica con el entorno, sin limitar el campo visual ni desfigurar la perspectiva del borde litoral.

2. Respecto a la regulación normativa, en el apartado 2.5.2 de la Memoria se indica que "la modificación da cumplimiento a todos los preceptos regulados por la normativa sectorial en materia de costas (Ley 22/1988, de 8 de julio de Costas, Real Decreto 876/2014, de 10 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento General de Costas), régimen de usos en el DPMT, en la zona de servidumbre de protección, así como de las exigencias de protección del DPMT en la franja de 500 m medidos a partir del límite interior de la ribera del mar".

Además, en el apartado 4 de la Memoria se especifica que la normativa de aplicación en el ámbito de la Modificación será la contenida en el Plan General de Ordenación Municipal.

3.- CONCLUSIONES *Todo lo expuesto constituye, de acuerdo a lo regulado en el artículo 117.1 de la Ley de Costas, el informe de sugerencias y observaciones que se estiman necesarias y convenientes incorporar al documento que se vaya a aprobar definitivamente.*

Una vez sea tenido en cuenta lo indicado en las Consideraciones anteriores sobre la Modificación Puntual Nº2 del PGOM. Modificación del Polígono de Suelo Urbano No Consolidado AR-D3.2 de Ponteceso, el expediente completo, diligenciado y previamente a su aprobación definitiva, se remitirá de nuevo a esta Dirección General, a través de la Demarcación de Costas de Galicia, para la emisión del informe que disponen los artículos 112.a) y 117.2 de la Ley de Costas"



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Con data 02/12/2020 solicitase ao MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO (SECRETARIA DE ESTADO DE MEDIO AMBIENTE DIRECCION GENERAL DE LA COSTA Y EL MAR. Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre, o Deslinde do Dominio Público e a Zona de Servidume, coas coordenadas do expediente de deslinde DL-116-LC, aprobado por O.M. do 22 de setembro de 2006, para o ámbito afectado por la Modificación Puntual 2, con fin de aportalo aos redactores do planeamento e cumprir coas indicacións-consideracións dadas por o Ministerio de acordo ao regulado no artigo 117.1 da Lei de Costas.

Con data 27/01/2021 o Arquitecto Alvaro Fernández Carballada, en representación de Fernández Carballada & Asociados, SLP", remite ao concello o reformado da MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 do PXOM de PONTECESO conforme ao deslinde do dominio público e a zona de servidume DL-116-LC, aprobado por O.M. do 22 de setembro de 2006, para a modificación do polígono de solo urbano non consolidado AR-D3.2, co obxectivo de dar cumprimento a sentenza nº 685/2016, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Con data 01/02/2021 o Arquitecto Alvaro Fernández Carballada, en representación de Fernández Carballada & Asociados, SLP", remite ao concello o Resumo Executivo segundo o artigo 144 do RLSG en relación ao Procedemento para a aprobación inicial dos ámbitos nos que se suspende o outorgamento de licenzas conforme o establecido no artigo 86.3 do RLSG.

Logo de ver o Informe técnico favorable emitido por o arquitecto técnico Ernesto Fernando Calvo Pérez o 12 de abril de 2021.

Logo de ver o informe da secretaria da corporación do 7.05.2021

Considerando o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e no Decreto 143/2018 polo que se aproba o Regulamento da LSG así coma o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteceso, publicado no BOP nº 99, do 28.05.2015.

Considerando a atribución concedida ó Pleno polo artigo 22.2.c. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

Propoño ao pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa:

Primeiro. A aprobación inicial da modificación puntual nº 2 do PXOM de Ponteceso, modificación do polígono de solo urbanos non consolidado AR-D3.2 ,por execución da sentenza firme nº 685/2016 do 17.11.2016 (P.O. nº 4220/2015) , na que se modifica a cualificación urbanística da parcela, que no PXOM vixente forma parte do polígono APRD3.2 de solo urbano non consolidado e que –en cumprimento da Sentenza nº 685/2016 do TSXG- debe ser incorporada no planeamento como solo urbano consolidado.

Segundo. Someter o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia en nun dos xornais de maior difusión na provincia (artigo 60.6 da LSG)

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico (artigo 60.6 da LSG), que será obxecto de publicación íntegra no portal de transparencia da sede electrónica do Concello de Ponteceso: <https://sede.ponteceso.gal>.

Terceiro. Elevar esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable (artigo 60.7 da LSG).

Cuarto. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, o Concello de Ponteceso solicitará os seguintes informes sectoriais preceptivos de conformidade coa lexislación vixente (artigo 60.8da LSG) e segundo o informe técnico do 12.04.2021 :

- Servizo de Urbanismo. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Xunta de Galicia.
- Augas de Galicia. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Xunta de Galicia.
- Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Xunta de Galicia.
- Subdirección General de Domino Público Marítimo-Terrestre. Ministerio para la Transición Ecológica y el reto Demográfico. Secretaria de Estado de Medio Ambiente. Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar.

Quinto. Suspender o outorgamento de licenzas de obras e actividade e de parcelación no ámbito do polígono APRD3.2, durante o prazo de 2 anos, desde a adopción do acordo de aprobación inicial (para o suposto de que as novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente); en todo caso, esta suspensión extinguirase coa aprobación definitiva da modificación puntual en proxecto.

Conforme o establecido no artigo 86.3 do RLSG, esta suspensión non será de aplicación:

- Ás obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio, non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.
- Ás licenzas de primeira ocupación.
- Aos proxectos que cumpran simultaneamente o PXOM en vigor e a Modificación, sempre que esta fose aprobada inicialmente.
- Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, a condición de que se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados na Modificación.

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 26-05-2021, segundo se desprende do borrador da acta, ditaminou favorablemente a proposta de acordo para a **EXECUCIÓN DE SENTENZA 4022/2017 DO T.S.X.G. CON/AD. SEC. 2-002 (P.O.**



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

4220/2015), APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE PONTECESO. EXPTE. 2019/X999/000211).

O alcalde di que é a execución dunha sentenza, o expediente está completo con informes de varios organismos, hoxe deberíase aprobar inicialmente e seguir os trámites con varios organismo, e pregunta si algún voceiro quere intervir.

O alcalde somete a votación a proposta, co seguinte resultado:

Votos a favor: Cinco (5), os concelleiros do G.M. do PSdeG-PSOE (3) e APIN (2).

Votos en contra:-.

Abstencións: Oito (8), os concelleiros do G.M. do P.P. (3) e os concelleiros non adscritos Sr. González, Sr. Santiago, Sra. Fondo, Sra. Pérez e Sr. Eiroa (5).

Polo que o Pleno ACORDA:

Primeiro. A aprobación inicial da modificación puntual nº 2 do PXOM de Ponteceso, modificación do polígono de solo urbanos non consolidado AR-D3.2 ,por execución da sentenza firme nº 685/2016 do 17.11.2016 (P.O. nº 4220/2015) , na que se modifica a cualificación urbanística da parcela, que no PXOM vixente forma parte do polígono APRD3.2 de solo urbano non consolidado e que –en cumprimento da Sentenza nº 685/2016 do TSXG- debe ser incorporada no planeamento como solo urbano consolidado.

Segundo. Someter o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia en nun dos xornais de maior difusión na provincia (artigo 60.6 da LSG).

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico (artigo 60.6 da LSG), que será obxecto de publicación íntegra no portal de transparencia da sede electrónica do Concello de Ponteceso: <https://sede.ponteceso.gal>.

Terceiro. Elevar esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable (artigo 60.7 da LSG).

Cuarto. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, o Concello de Ponteceso solicitará os seguintes informes sectoriais preceptivos de conformidade coa lexislación vixente (artigo 60.8da LSG) e segundo o informe técnico do 12.04.2021 :



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

- Servizo de Urbanismo. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Xunta de Galicia.
- Augas de Galicia. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Xunta de Galicia.
- Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Xunta de Galicia.
- Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre. Ministerio para la Transición Ecológica y el reto Demográfico. Secretaria de Estado de Medio Ambiente. Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar.

Quinto. Suspender o outorgamento de licenzas de obras e actividade e de parcelación no ámbito do polígono APRD3.2, durante o prazo de 2 anos, desde a adopción do acordo de aprobación inicial (para o suposto de que as novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente); en todo caso, esta suspensión extinguirase coa aprobación definitiva da modificación puntual en proxecto.

Conforme o establecido no artigo 86.3 do RLSG, esta suspensión non será de aplicación:

- Ás obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio, non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.
- Ás licenzas de primeira ocupación.
- Aos proxectos que cumpran simultaneamente o PXOM en vigor e a Modificación, sempre que esta fose aprobada inicialmente.
- Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, a condición de que se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados na Modificación.

5º.-RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL, EXPEDIENTE NÚMERO 1/2021 (2021/X999/000093)

PROPOSTA DE ALCALDÍA

VISTO que xa iniciado o exercicio 2021 tiveron entrada no Rexistro Xeral do Concello de Ponteceso diversas facturas presentadas por acreedores municipais correspondentes a prestacións efectivamente realizadas no exercicio 2020.

VISTO que, ao abeiro do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais (art. 176) e do RD 500/1990, de 20 de abril (artigo 26), con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigacións derivadas



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Trátase dun bém municipal do que hai constancia oral e documental da súa existencia dende hai máis dun século – de feito declaracións diante do Concello de veciños que naceran e viviran tódala súa vida preto do lugar, e que de vivir hoxe en día algún deles tería arredor de 120 anos, lembraban que xa de nenos ían a coller auga a fonte ou a lavar coas súas nais sen que ninguén lles puxese impedimento algún.

A falta dunha investigación máis profunda no Arquivo do Concello que poidera destapar algún documento anterior, en outubro de 1986, e tralo estudo da declaración testifical dos veciños, dos testemuños documentais, do informe do Arquitecto Técnico do Concello, das alegacións presentadas, das escrituras públicas das propiedades lindeiras, etc. o Pleno do Concello por unanimidade declara “el carácter de bienes de dominio público tanto respecto del río de lavar como del camino de acceso, objeto del expediente y en cuanto tales, destinados al uso y servicio público”

Dende uns poucos anos aquí o Concello desentendeuse totalmente dese conxunto de bens, permitindo a súa deterioración ao facer caso omiso ás denuncias polos danos provocados ó conxunto. Así, os máis graves e recentes ocorreron a raíz da realización de traballos agrícolas nunha parcela lindeira que foron aproveitados para a mala fé encher a pia de terra e xurro, arrancar algúns lavadoiros, etc. O último e quizais máis grave foi aproveitala feitura dun peche nunha das fincas lindeiras para facer un muro de contención de terras que – incumprindo as condicións da licenza outorgada polo Concello- invade o espazo da fonte, e que ademais ó poñelo enriba das lousas que cobren o manancial imposibilita o acceso ó mesmo en caso de ser preciso.

Tódolo anterior produciuse a pesares das denuncias ante o Concello, e este desentendemento do titular do ben foi a orixe da promoción para a súa inclusión no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia, como unha forma de protección extra e independente e ó marxe da vontade das Autoridades locais.

O proceso de inclusión no Catálogo de patrimonio iniciouse formalmente mediante a



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 10 de agosto de 2018 (DOG nº 163 do 28 de agosto) e:

a) No período de alegacións á Resolución anterior tan só houbo unha, contraria a inclusión do conxunto no Catálogo de patrimonio, e foi precisamente a do propietario das anteditas parcelas lindeiras. Dita oposición a inclusión basébase única e exclusivamente nunha falsa presunción de que o conxunto non era un ben demanial; presunción que aínda de ser certa non sería motivo "per se" de exclusión do Catálogo.

b) Trala desestimación da alegación, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural na Resolución do 17 de xaneiro de 2020 (DOG nº 19 do 29 de xaneiro) incluíu definitivamente o conxunto no Catálogo de patrimonio.

c) Despois diso, o propietario das parcelas lindeiras presentou diante da Dirección Xeral do patrimonio un Recurso de Reposición en contra da desestimación da alegación inicial, o cal foi desestimando por silencio administrativo.

d) Agora mesmo, e por iso o motivo da urxencia da moción, estase na fase en que tras a presentación dun Recurso contencioso administrativo (Procedemento ordinario 4031/2021) contra a Consellería de Cultura e Turismo, e na que o Concello de Ponteceso (que en ningún momento anterior da Resolución se personara en ningún tipo de trámite), sorprendentemente e mediante a Resolución da Alcaldía nº 228/2021 personase en dito Procedemento e encomenda a defensa xudicial e a representación á Asesoría Xurídica da Deputación Provincial da Coruña.

O anterior, que nun caso normal tería toda a lóxica e na que posición do Concello como parte demandada sería a de defender a conformidade a dereito da Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio, neste caso particular suscita dúbidas tanto en canto a postura desta Alcaldía respecto da Fonte-lavadoiro de Canasteves foi sempre de desprezo e rechazo tanto dese ben público coma dos veciños e usuarios defensores.

MOCIÓN

Por todo iso, se presenta para debate e aprobación en Pleno os seguintes acordos:

1) Declarar o apoio e defensa do Pleno en favor da Fonte-lavadoiro de Canasteves e da súa permanencia no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia.

2) Instar á Asesoría Xurídica da Deputación Provincial da Coruña a que se posicione de forma clara e contundente a favor da conformidade a Dereito da Resolución de 17 de xaneiro de 2020 que inclúe o conxunto da Fonte-lavadoiro no Catálogo de patrimonio cultural de Galicia.

3) Que a Alcaldía, Secretaría, ou quen corresponda, de notificación dos anteriores acordos á Asesoría Xurídica da Deputación e en especial ós letrados personados no



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Procedemento.”

Sométese a votación a urxencia, co seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13)

Votos en contra: -

Abstencións: -

Polo que se acorda aprobar a urxencia e incluír a moción na orde do día.

O Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo vaise abster, porque en Ponteceso hai moitas fontes que non teñen ningunha protección e esta é unha máis, o que está a facer o concello é defender os intereses xerais diante do contencioso administrativo presentado polos particulares pola inclusión no Catálogo de patrimonio, iniciado formalmente mediante a Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 10 de agosto de 2018, e á vista das alegacións presentadas dítase a resolución de data 17 de xaneiro de 2020, contra a que se interpón o contencioso por desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición presentado polos particulares, o Concello recibiu da Xunta de Galicia a comunicación de personamento no procedemento e así se encomendou a defensa ao Servizo de Asistencia Xurídica da Deputación da Coruña, o cal vai defender obviamente o interese xeral do concello neste procedemento xudicial, pero recalca que hai moitas outras fontes e que todas terían que ter o mesmo trato e consideración.

Pide a palabra o Sr. García Cotelo e di que non sabe con que intención se personou no procedemento, que nunca defendeu a fonte, e que é un patrimonio de todos e hai que defendela, por iso os servizos xurídicos da Deputación deben exercer a súa defensa en todos os sentidos.

Pide a palabra a Sra. Pérez, concelleira non adscrita, dicía vostede que está priorizando a fonte, cando nunca lle fixo caso, nin a ela nin aos veciños que levan moitos anos pelexando moito tempo. O Sr. Eiroa diríxese ao alcalde e chámalle ao orde por non ter o uso da palabra e dille que é a segunda chamada á orde.

O alcalde remate o debate.

Sométese a votación a moción de acordo, co seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), Os concelleiros do G.M. do PP (3), os de APIN (2) e os cinco concelleiros non adscritos (5)

Votos en contra: -



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Abstencións: Tres (3), os concelleiros do G.M. do PSdeG-PSOE (3).

Polo que o Pleno ACORDA:

- 1) Declarar o apoio e defensa do Pleno en favor da Fonte-lavadoiro de Canasteves e da súa permanencia no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia.
- 2) Instar á Asesoría Xurídica da Deputación Provincial da Coruña a que se posicione de forma clara e contundente a favor da conformidade a Dereito da Resolución de 17 de xaneiro de 2020 que inclúe o conxunto da Fonte-lavadoiro no Catálogo de patrimonio cultural de Galicia.
- 3) Que a Alcaldía, Secretaría, ou quen corresponda, de notificación dos anteriores acordos á Asesoría Xurídica da Deputación e en especial ós letrados personados no Procedemento.

MOCIÓN 3

Rexistro de entrada 20210000000752 do 28-05-2021

“MOCIÓN que presenta o Grupo municipal de Partido Popular ó Pleno do Concello de Ponteceso. Para o seu debate e aprobación se procede, o retorno e asunción dos traballos por parte do Concello do Servicio de Axuda no Fogar (SAF)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

- *O contrato da empresa que presta o Servizo de Axuda no Fogar a persoas dependentes deste Concello, de duración de dous anos sen posibilidade de prórroga, está cumprido dende fai casi un ano, estando na actualidade en precario.*
- *No Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen o contrato de Prestación do SAF indícase que o Órgano de Contratación, por delegación de competencias do Pleno, é a Xunta de Goberno Local. Tamén especifica que ten a facultade de modificalo, ou acordar a súa resolución entre outros, e que os acordos a que este respecto se diten serán executivos.*
- *En decembro do 2020 foron revogadas as competencias que o Pleno tiña delegadas na Xunta de Goberno Local, polo que as competencias respecto do SAF pasan de novo ó Pleno.*
- *O número de personas do Concello adicadas á Servizos Sociais aumentou nos últimos anos, polo que entendemos por parte do Concello pódese asumir a xestión en próprio de dito servizo co mesmo custe e calidade, tal como era ata o 2018.*

MOCIÓN



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Polo anterior, preséntase a debate e aprobación en Pleno dos seguintes acordos:

1) *Resolución do Contrato coa empresa adjudicataria e asunción do servizo en propio polo Concello. E retorno o Concello de Ponteceso de todos os traballadores subrogados no seu día a empresa concesionaria.*

2) *Solicitud para que se poña a disposición dos membros do Pleno copia de toda a información relativa ó SAF, dende o ano 2015. E de agora en adiante, con una periodicidade de seis meses. De estos asuntos en concreto:*

- *Nº de usuarios, en Réxime de Dependencia e Libre Concorrencia, en cómputo mensual.*
- *Nº de horas de servizo prestado, en cómputo anual ou mensual.*
- *Custe do servizo asumido polo Concello, cómputo anual ou mensual.*
- *Cantidades anuales cofinanciadas pola Xunta de Galicia, Deputación ou calqueira outro Organismo.*
- *Cantidades abonadas polos usuarios do servizo, en cómputo anual ou mensual.”*

O Sr. Alcalde, ao plantexarse dúbidas sobre a legalidade da moción presentada dálle a palabra ao secretario accidental para que proceda a dar lectura ao seu informe:

“Solicitado pola alcaldía informe á secretaría accidental na data de 28-05-2021 en relación á legalidade das mocions urxentes presentadas polos señores concelleiros a incluír na sesión a celebrar o vindeiro día 31-05-2021, en cumprimento do disposto no artigo 3.3.a) e e) do RD 128/2018, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación nacional, emite a seguinte

DILIXENCIA

Para facer constar que a presente moción foi presentada o pasado día 28-05-2021, da falta de material de tempo para emitir un informe profundo e completo e ao observarse a falta de requisitos esenciais para poder formarse a vontade da Corporación, a xuízo do que subscribe a non existencia de expediente previo, memorias, informes, en especial de secretaría e intervención, incorreríase no caso da adopción do acordo, previa a aprobación da urxencia, en a nulidade de pleno dereito, consonte ao artigo 47.1.e) da Lei 39/2015 e ao apreciar que debera solicitarse como moción resolutiva e ir na parte correspondente do pleno e non de control e fiscalización dos órganos de goberno, posto que o que se pretende é a adopción dun acordo de rescisión dun contrato. Polo que consonte ao establecido no art. 92.2 do ROF, ao non contar cos preceptivos informes de secretaría e intervención solicítase ao Presidente que se aprace o seu estudo, quedando sobre a mesa ata a próxima sesión.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Sen prexuízo doutro mellor informe fundado en dereito.

Ponteceso, 31 de maio de 2021.

O secretario accidental"

O Sr. Alcalde ao abeiro do establecido no artigo 92.2 do ROF acorda aprazar o seu estudo e debate, quedando sobre a mesa ata o próxima sesión.

MOCIÓN 4

Registro de entrada 20210000000756 do 28-05-2021:

"Moción que presenta o concelleiro Don Miguel Ángel González Gómez, na súa condición de non adscrito, para a realización dunha auditoría externa no Concello

Don MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ GÓMEZ, concelleiro da Corporación Municipal de Ponteceso, ao abeiro do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e do 91.4 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propón ao Pleno da Corporación a aprobación dunha MOCIÓN URXENTE, con baseamento na seguinte, Exposición de motivos

A situación económico-financieira do Concello de Ponteceso é a todas luces preocupante. Cun orzamento irreal, que esgota o crédito de partidas de gasto corrente antes do comezo do segundo semestre, que perde de forma recorrente subvencións, que recorre de xeito ordinario e inxustificable ao mecanismo excepcional do recoñecemento extraxudicial de créditos, que abona facturas de xeito prioritario sen a terse a ningún tipo de criterio válido, que mesmo duplica facturas para evitar reparos e a fiscalización do Pleno, a realidade económica do Concello e a verdadeira dimensión do seu burato financeiro é unha absoluta incógnita.

Por outra banda, a escuridade da súa xestión, a súa opaca rendición de contas e as limitacións de recursos materiais e humanos coas que conta un concello das dimensións de Ponteceso, fai que a xestión do Alcalde non poda ser cabalmente fiscalizada.

Debemos destacar que toda pregunta realizada ao Alcalde polos concelleiros da oposición acerca das escuridades na súa xestión económica queda sen resposta, imputando de forma ruín a responsabilidade destes actos a funcionarios do Concello, sinaladamente a Intervención.

Por todos estes motivos, ao abeiro do seu dereito e do seu deber de proceder a unha fiscalización adecuada e dada a ausencia de medios materiais propios, o Pleno do concello ten a obriga de iniciar os trámites oportunos para a aprobación dun expediente no que se contrate a realización dunha auditoría económico financeira e de contas de carácter externo, por un contratista axeitado que sexa seleccionado polo propio Pleno, dada a súa competencia como órgano fiscalizador da actuación do Alcalde.

Por todo o anterior, presento para a súa aprobación en Pleno a seguinte, Moción-Proposta

1.- Aprobar o inicio de expediente para a contratación dunha auditoría económico-financieira e de contas de carácter externo, por un contratista axeitado que, previos os tramites legais



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

oportunos, sexa seleccionado polo propio Pleno, dada a súa competencia como órgano fiscalizador da actuación do Alcalde.

2.- Requerir a Intervención aos efectos de informar acerca da insuficiencia de medios materiais suficientes para a realización da mentada auditoría."

O Sr. Alcalde, ao plantexarse dúbidas sobre a legalidade da moción presentada dálle a palabra á Sra. Interventora para que proceda a dar lectura ao seu informe:

"DILIXENCIA DE INTERVENCIÓN.

ASUNTO: MOCIÓN PRESENTADA POR MIGUEL A. GONZÁLEZ PÉREZ O 28.05.2021 (NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 202100000000756).

Dilixencia que emito eu, Interventora, para facer constar o seguinte:

1.- O control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria é unha función reservada a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional pertencentes á Subescala de Intervención-Tesourería tal e como dispón a normativa que se cita a continuación:

1.1.- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local: Artigo 92.bis apartados 1 e 2:

"Artículo 92 bis. Funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional

1. Son funciones públicas necesarias en todas las Corporaciones locales, cuya responsabilidad administrativa está reservada a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional:

a) La de Secretaría, comprensiva de la fe pública y el asesoramiento legal preceptivo.

b) El control y la fiscalización interna de la gestión económico-financiera y presupuestaria, y la contabilidad, tesorería y recaudación.

No obstante, en los municipios de gran población se tendrá en cuenta lo dispuesto en el Título X de la presente Ley y en los municipios de Madrid y de Barcelona la regulación contenida en las Leyes 22/2006, de 4 de julio, de Capitalidad y de Régimen Especial de Madrid y 1/2006, de 13 de marzo, por la que se regula el Régimen Especial del municipio de Barcelona respectivamente.

2. La escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional se subdivide en las siguientes subescalas:



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

- a) *Secretaría, a la que corresponden las funciones contenidas en el apartado 1.a) anterior.*
- b) *Intervención-tesorería, a la que corresponden las funciones contenidas en el apartado 1.b).*
- c) *Secretaría-intervención a la que corresponden las funciones contenidas en los apartados 1.a) y 1.b).*

...”

1.2.- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional: artigos 2 (apartados 1 e 2), 6 (apartado 1) e 11 (apartado 1):

“Artículo 2. Funciones públicas necesarias en todas las Corporaciones Locales.

1. Son funciones públicas necesarias en todas las Corporaciones Locales, cuya responsabilidad administrativa está reservada a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, las siguientes:

- a) *Secretaría, comprensiva de la fe pública y el asesoramiento legal preceptivo.*
- b) *Intervención-Tesorería, comprensiva del control y la fiscalización interna de la gestión económico-financiera y presupuestaria, y la contabilidad, tesorería y recaudación.*
- c) *Secretaría-Intervención, a la que corresponden las funciones de la fe pública y el asesoramiento legal preceptivo y las funciones de control y fiscalización interna de la gestión económica-financiera y presupuestaria, y la contabilidad, tesorería y recaudación.*

2. Quien ostente la responsabilidad administrativa de cada una de las funciones referidas en el apartado 1 tendrá atribuida la dirección de los servicios encargados de su realización, sin perjuicio de las atribuciones de los órganos de gobierno de la Corporación Local en materia de organización de los servicios administrativos.

...”

“Artículo 6. Puestos reservados.

1. Son puestos de trabajo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional los que tengan expresamente atribuida la responsabilidad administrativa de las funciones enumeradas en los artículos anteriores, en los términos y condiciones que se determinan en este real decreto.

...”



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

“Artículo 11. Intervención.

1. En las Entidades Locales cuya Secretaría esté clasificada en clase primera o segunda, existirá un puesto de trabajo denominado Intervención, que tendrá atribuida la responsabilidad administrativa de las funciones enumeradas en el artículo 4 de este real decreto.

...”

2.- O control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria engloba a función interventora e o control financeiro incluída a auditoría de contas respecto da cal se poderá recabar, a proposta do órgano interventor e con pleno sometimento ás instrucións emanadas deste, a colaboración pública ou privada de conformidade coa normativa que se detalla a continuación:

2.1-Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: artigo 213

“Artículo 213. Control interno.

Se exercerán en las Entidades Locales con la extensión y efectos que se determina en los artículos siguientes las funciones de control interno respecto de su gestión económica, de los organismos autónomos y de las sociedades mercantiles de ellas dependientes, en sus modalidades de función interventora, función de control financiero, incluída la auditoría de cuentas de las entidades que se determinen reglamentariamente, y función de control de la eficacia.”

2.2.- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local: artigos 3 (apartados 1, 2 e 4) e 34.

“Artículo 3. Formas de ejercicio.

1. El control interno de la actividad económico- financiera del sector público local se ejercerá por el órgano interventor mediante el ejercicio de la función interventora y el control financiero.

2. La función interventora tiene por objeto controlar los actos de la Entidad Local y de sus organismos autónomos, cualquiera que sea su calificación, que den lugar al reconocimiento de derechos o a la realización de gastos, así como los ingresos y pagos que de ellos se deriven, y la inversión o aplicación en general de sus fondos públicos, con el fin de asegurar que su gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

...



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

4. El control financiero así definido comprende las modalidades de control permanente y la auditoría pública, incluyéndose en ambas el control de eficacia referido en el artículo 213 del texto refundido de la Ley de las Haciendas Locales.

....”

“Artículo 34. Colaboración en las actuaciones de auditoría pública.

1. A propuesta del órgano interventor, para la realización de las auditorías públicas las Entidades Locales podrán recabar la colaboración pública o privada en los términos señalados en los apartados siguientes.

Con el objeto de lograr el nivel de control efectivo mínimo previsto en el artículo 4.3 de este Reglamento se consignarán en los presupuestos de las Entidades Locales las cuantías suficientes para responder a las necesidades de colaboración.

2. Para realizar las actuaciones de auditoría pública, las Entidades Locales podrán recabar la colaboración de otros órganos públicos y concertar los Convenios oportunos.

3. Asimismo, la Entidad Local podrá contratar para colaborar con el órgano interventor a firmas privadas de auditoría que deberán ajustarse a las instrucciones dictadas por el órgano interventor.

....”

3.- O control externo das contas e da xestión económica é unha función propia do Tribunal de Contas ao abeiro da normativa que se cita a continuación:

3.1.- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.: Artigo 223

“Artículo 223. Control externo.

1. La fiscalización externa de las cuentas y de la gestión económica de las entidades locales y de todos los organismos y sociedades de ellas dependientes es **función propia** del Tribunal de Cuentas, con el alcance y condiciones que establece su ley orgánica reguladora y su ley de funcionamiento.

2. A tal efecto, las entidades locales rendirán al citado Tribunal, antes del día 15 de octubre de cada año, la cuenta general a que se refiere el artículo 209 de esta ley correspondiente al ejercicio económico anterior.

3. Una vez fiscalizadas las cuentas por el Tribunal, se someterá a la consideración de la entidad local la propuesta de corrección de las anomalías observadas y el ejercicio de las acciones procedentes, sin perjuicio, todo ello, de las actuaciones que puedan corresponder al



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Tribunal en los casos de exigencia de responsabilidad contable.

4. Lo establecido en el presente artículo se entiende *sin menoscabo de las facultades que, en materia de fiscalización externa de las entidades locales, tengan atribuidas por sus Estatutos las comunidades autónomas.*

3.2.- Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas: artigos 1, 2 e 4 (apartados 1 e 2)

“Artículo primero.

Uno. *El Tribunal de Cuentas es el supremo órgano fiscalizador de las cuentas y de la gestión económica del Estado y del sector público, sin perjuicio de su propia jurisdicción, de acuerdo con la Constitución y la presente Ley Orgánica.*

Asimismo, corresponde al Tribunal de Cuentas la fiscalización de la actividad económico-financiera de los partidos políticos inscritos en el Registro de Partidos Políticos del Ministerio del Interior, así como la de las fundaciones y demás entidades vinculadas o dependientes de ellos.

Dos. *Es único en su orden y extiende su jurisdicción a todo el territorio nacional, sin perjuicio de los órganos fiscalizadores de cuentas que para las Comunidades Autónomas puedan prever sus Estatutos. Depende directamente de las Cortes Generales.*

“Artículo segundo.

Son funciones propias del Tribunal de Cuentas:

a) *La fiscalización externa, permanente y consuntiva de la actividad económico-financiera del sector público.*

b) *El enjuiciamiento de la responsabilidad contable en que incurran quienes tengan a su cargo el manejo de caudales o efectos públicos.*

“Artículo cuarto.

Uno. *Integran el sector público:*

a) *La Administración del Estado.*

b) *Las Comunidades Autónomas.*

c) *Las Corporaciones Locales.*

d) *Las entidades gestoras de la Seguridad Social.*

e) *Los Organismos autónomos.*



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

f) *Las Sociedades estatales y demás Empresas públicas.*

Dos. Al Tribunal de Cuentas corresponde la fiscalización de las subvenciones, créditos, avales u otras ayudas del sector público percibidas por personas físicas o jurídicas.

...”

3.3.- Lei 7/1988, do 5 de abril, de Funcionamento do Tribunal de Contas: artigo 27 apartado primeiro

“Artículo 27.

1. La función fiscalizadora del Tribunal de Cuentas tiene carácter externo, permanente y consultivo y se referirá al sometimiento de la actividad económico-financiera del sector público a los principios de legalidad, eficiencia y economía en relación con la ejecución de los programas de ingresos y gastos públicos.

Cuando la fiscalización externa se realice por órganos de las Comunidades Autónomas en el ámbito de sus competencias, el Tribunal de Cuentas informará a las Cortes Generales, partiendo de dichas actuaciones y de las ampliaciones que tuviere a bien interesar.

...”

3.4.- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia: artigos 1, 2, 4 e 5

“Artículo 1. Competencias.

1. El Consejo de Cuentas de Galicia, como órgano de fiscalización de las cuentas y de la gestión económico-financiera y contable, ejercerá su función en relación con la ejecución de los programas de ingresos y gastos del sector público de la Comunidad Autónoma.

2. Depende directamente del Parlamento de Galicia y ejerce sus funciones con plena independencia y sometimiento al ordenamiento jurídico.”

“Art. 2. Ámbito de actuación.

A los efectos de esta Ley, **componen el sector público de la Comunidad Autónoma:**

a) *La Administración autonómica y sus organismos autónomos.*

b) Las Entidades Locales y sus organismos autónomos, así como las Empresas públicas dependientes de las mismas, en el ámbito competencial de las instituciones de autogobierno.

c) *Las Empresas públicas, cualquiera que sea su forma jurídica, dependientes de la Administración autonómica.*



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

d) Las Corporaciones a que se refiere el número 29 del artículo 27 del Estatuto de Autonomía de Galicia.”

“Art. 4. Fiscalización.

Son funciones del Consejo de Cuentas de Galicia:

a) Fiscalizar las funciones económico-financieras del sector público de Galicia, velando para que se ajuste al ordenamiento jurídico y al principio de racionalidad, determinada por criterios de eficiencia y economía.

b) Fiscalizar las subvenciones, los créditos y las ayudas con cargo a los presupuestos de los Entes públicos gallegos, así como los avales y exenciones fiscales directas y personales concedidas por aquellos Entes, ya sean percibidas por personas físicas o jurídicas.

c) Fiscalizar los contratos celebrados por la Administración autonómica y otros Entes del sector público de Galicia en los casos en que se establezca así, o que el Consejo de Cuentas lo considere conveniente.

d) Fiscalizar la situación y las variaciones del patrimonio de la Comunidad Autónoma de Galicia y demás Entes públicos gallegos.

e) Fiscalizar los créditos extraordinarios y suplementos de créditos, así como las incorporaciones, ampliaciones, transferencias y demás modificaciones de los créditos presupuestarios iniciales.

f) Emitir dictámenes y consultas que en materia de contabilidad pública y de gestión económico-financiera le soliciten las instituciones y los Entes públicos gallegos.

g) Analizar la utilización de los recursos disponibles, atendiendo al menor coste en la realización del gasto y formular las propuestas tendentes a mejorar los servicios prestados por el sector público de Galicia.

h) Fiscalizar el grado de cumplimiento de los objetivos propuestos en los diversos programas presupuestarios y en las Memorias de las subvenciones, créditos, ayudas y de los avales, e indicar, en su caso, las causas de incumplimiento.”

“Art. 5. Enjuiciamiento.

1. Si en el ejercicio de su función fiscalizadora el Consejo de Cuentas advirtiera la existencia de indicios de responsabilidad contable, instruirá el oportuno procedimiento jurisdiccional y dará traslado de las correspondientes actuaciones ante el Tribunal de Cuentas para que éste efectúe el enjuiciamiento de las mismas.

2. Asimismo, en materia de enjuiciamiento contable, realizará todas las funciones que le delegue el Tribunal de Cuentas, de acuerdo con lo que prevé la Ley Orgánica 2/1982, de 12 de mayo.”

4.- O réxime de competencias en materia de contratación nas Entidades Locales se



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

regula na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e ven determinado polo importe que representa o contrato a celebrar con respecto aos recursos ordinarios do orzamento de xeito que corresponderan ao Alcalde aqueles contratos cuxo importe sexa inferior ao 10% dos citados recursos e ao Pleno da Corporación en caso contrario.

"1. Corresponden a los Alcaldes y a los Presidentes de las Entidades Locales las competencias como órgano de contratación respecto de los contratos de obras, de suministro, de servicios, los contratos de concesión de obras, los contratos de concesión de servicios y los contratos administrativos especiales, cuando su valor estimado no supere el 10 por ciento de los recursos ordinarios del presupuesto ni, en cualquier caso, la cuantía de seis millones de euros, incluidos los de carácter plurianual cuando su duración no sea superior a cuatro años, eventuales prórrogas incluidas siempre que el importe acumulado de todas sus anualidades no supere ni el porcentaje indicado, referido a los recursos ordinarios del presupuesto del primer ejercicio, ni la cuantía señalada.

2. Corresponden al Pleno las competencias como órgano de contratación respecto de los contratos mencionados en el apartado anterior que celebre la Entidad Local, cuando por su valor o duración no correspondan al Alcalde o Presidente de la Entidad Local, conforme al apartado anterior. Asimismo, corresponde al Pleno la aprobación de los pliegos de cláusulas administrativas generales a los que se refiere el artículo 121 de esta Ley.

..."

CONCLUSIÓNS:

1.- Advirto por escrito que en caso de tramitación da moción se estarían a invadir competencias reservadas por lei á intervención municipal e ao Tribunal de Contas e polo tanto se estarían a vulnerar a Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas (artigos 1, 2 e 4 (apartados 1 e 2)), a Lei 7/1988, do 5 de abril, de Funcionamento do Tribunal de Contas (artigo 27 apartado primeiro), a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia (artigos 1, 2, 4 e 5) , Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigo 92.bis apartados 1 e 2), o Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (artigos 213 e 223), Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional (artigos 2



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

(apartados 1 e 2), 6 (apartado 1) e 11 (apartado 1)), o RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (artigos 3 (apartados 1, 2 e 4) e 34).

2.- Advirto por escrito que é a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público a que define o réxime de competencias nos expedientes de contratación e que, visto que non consta valoración económica algunha do contrato que se propón tramitar, non se acredita a competencia plenaria no citado expediente.

3.- Advirto por escrito que, ao abeiro do artigo 47.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, son nulos de pleno dereito:

“1. Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes:

- a) Los que lesionen los derechos y libertades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Los dictados por órgano manifiestamente incompetente por razón de la materia o del territorio.
- c) Los que tengan un contenido imposible.
- d) Los que sean constitutivos de infracción penal o se dicten como consecuencia de ésta.
- e) Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido o de las normas que contienen las reglas esenciales para la formación de la voluntad de los órganos colegiados.
- f) Los actos expresos o presuntos contrarios al ordenamiento jurídico por los que se adquieren facultades o derechos cuando se carezca de los requisitos esenciales para su adquisición.
- g) Cualquier otro que se establezca expresamente en una disposición con rango de Ley”

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino dixitalmente a presente dilixencia na data que figura na marxe. A interventora.”

Á vista da dilixencia de intervención, a manifesta ilegalidade da proposta presentada, e o risco de nulidade de pleno dereito do acordo a adoptar, e tendo en conta que faltaría o informe de secretaría, O Sr. Alcalde ao abeiro do establecido no artigo 92.2 do ROF acorda aprazar o seu estudo e debate, quedando sobre a mesa ata o próxima sesión.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

MOCIÓN 5

Registro de entrada 20210000000757 do 28-05-2021.

“Moción que presenta o concelleiro Don Salvador Eiroa Ameijenda, na súa condición de non adscrito, para o uso de edificio municipal para os concelleiros da Corporación

AO ALCALDE DO CONCELLO DE PONTECESO PARA ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN

Don SALVADOR EIROA AMEIJENDA, concelleiro da Corporación Municipal de Ponteceso, ao abeiro do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e do 91.4 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propón ao Pleno da Corporación a aprobación dunha MOCIÓN URXENTE, con baseamento na seguinte, Exposición de motivos

A nefasta xestión política levada a cabo polo Alcalde e a perda de apoios por ela provocada fixo bascular o panorama inicial de maiorías da lexislatura, pasando a descansar nos concelleiros non adscritos que, de facto, constitúen o grupo político máis numeroso da Corporación. Asumindo a posición que nos corresponde, unha das nosas tarefas debe ser a de lograr acordos co resto de grupos da oposición na defensa dos intereses dos veciños e veciñas de Ponteceso.

Agora ben, esa tarefa require escoitar aos veciños, reunirse con eles aos efectos de coñecer de primeira man as súas inxedanzas e necesidades. Dadas as limitacións que a casa do concello presenta e as dificultades que o Alcalde impuxo a outros grupos da oposición, propoñemos, ao abeiro do artigo 27 do ROF e baseado no exercicio adecuado dos seus dereitos de participación, a cesión de uso aos concelleiros non adscritos, ao grupo municipal do PP e ao grupo municipal de APIN das aulas do Edificio Municipal das Escolas cunha mínima infraestrutura de medios materiais aos efectos de facilitar o seu traballo e manter reunións entre os concelleiros e cos veciños e veciñas do Concello.

Por todo o anterior, presento para a súa aprobación en Pleno a seguinte, Moción-Proposta

Aprobar a cesión de uso aos concelleiros non adscritos, ao grupo municipal do PP e ao grupo municipal de APIN de aulas do Edificio Municipal das Escolas cunha mínima infraestrutura de medios materiais aos efectos de exercer de forma adecuada os seus dereitos de representación.”

O Sr. Alcalde dá conta da dilixencia de secretaría que obra no expediente sometido ao Pleno do 29-03-2021, relativo á moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, que no apartado "conclusiones" é do seguinte teor:

“CONCLUSIONES:

Á vista das consideracións expostas no informe, o escrito presentado por o voceiro do GM do Partido Municipal, non reúne os requisitos materiais e formais que debe recoller unha moción, dado que a competencia nesta materia recoñécese ao Alcalde de acordo cos artigos 27 e 28 do ROF, 21 da LBRL e 61 da LALGA. No caso de incorporarse como moción de urxencia, previa apreciación da urxencia por maioría absoluta, o acordo incorrería en nulidade de pleno dereito conforme o artigo 47.1.b) da LPACAP.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Porén, o mesmo podería ser reconducido como “Rogo dirixido a Alcaldía”, de acordo co artigo 91.4 do ROF, en virtude do principio de conservación dos actos administrativos recoñecido no artigo 50 da LPACAP.....”

Polo que esta alcaldía, consonte ao establecido no artigo 91.4 do ROF, en virtude do principio de conservación dos actos administrativos recoñecido no artigo 50 da Lei 39/2015, LPACAP, reconducirao a Rogos.

O Sr. Eiroa, concelleiro non adscrito, intervén e o Sr. Alcalde chámalle ao orde por terceira vez e dille que ten que abandonar o Pleno, nese intre fórmase un pequeno tumulto e o alcalde di que terá que levantar a sesión, o Sr. Eiroa acaba saíndo do Salón de Plenos, e o alcalde di que continúe a sesión.

MOCIÓN 6

Registro de entrada 20210000000758 do 28-95-2021.

“Moción que presenta o concelleiro Don Faustino Santiago Lema, na súa condición de non adscrito, para a modificación do Regulamento da agrupación municipal de voluntarios de protección civil de Ponteceso.

AO ALCALDE DO CONCELLO DE PONTECESO PARA ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN

Don FAUSTINO SANTIAGO LEMA, concelleiro da Corporación Municipal de Ponteceso, ao abeiro do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e do 91.4 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propón ao Pleno da Corporación a aprobación dunha MOCIÓN URXENTE, con baseamento na seguinte,

Exposición de motivos

A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Ponteceso, en tanto que servicio esencial dirixido a adoptar as medidas preventivas que eviten situacións de risco, a actuar en caso de risco ordinario e a protexer a integridade das persoas, dos bens públicos e privados e do medio ambiente, precisa que a súa xestión e coordinación sexan levadas a cabo coa responsabilidade, a profesionalidade, a celeridade e a transparencia que caracteriza a actuación dos voluntarios da agrupación en Ponteceso.

Nos últimos meses puidemos comprobar como a actuación da agrupación de voluntarios de Protección Civil de Ponteceso se veu condicionada pola situación de grave crise política que atravesa o Alcalde, afectando ao correcto desenvolvemento das tarefas asumidas pola agrupación.

Así, decisións dificilmente xustificables como a retirada do uso dos vehículos para as actuacións aos membros da agrupación ou erráticas xestións en determinados operativos foron tomadas unilateralmente polo Alcalde, sen habilitación legal, sen coordinación cos órganos directivos e poñendo en risco o interese xeral que debe sempre presidir a actuación da agrupación.

Ademáis do anterior, producíronse públicas e notorias irregularidades dirixidas e autorizadas polo Alcalde, como a realización de operativos de emerxencia por voluntarios que non forman parte da agrupación -utilizando o uniforme oficial-, e mesmo no proceso de vacinación contra



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

a COVID-19, solicitando a súa administración a, como mínimo, dous voluntarios que non forman parte da agrupación e deixando fóra da campaña a outros que si son membros de pleno dereito. Máis alá da súa irregularidade, o feito de solicitar e recibir a vacina antes do que lles corresponde constitúe unha inmoralidade e unha falta de ética que non pode quedar impune. Deben depurarse responsabilidades.

Por estes motivos, no exercicio da potestade de autoorganización da que dispón o concello e con pleno respecto á normativa básica e sectorial de aplicación, resulta imprescindible unha modificación do Regulamento da agrupación municipal de voluntarios de protección civil de Ponteceso aos efectos de condicionar a actuación unilateral do Alcalde, de fomentar a coordinación cos seus órganos directivos e garantir a aplicación dos principios que deben presidir a actuación da agrupación na súa consideración como servicio público.

Por todo anterior, propoño ao Pleno a aprobación da seguinte,

Moción-Proposta

1.- A aprobación inicial da modificación do Regulamento da agrupación de voluntarios de protección civil de Ponteceso (BOP 12/01/2001) do xeito seguinte:

Modifícase o artigo 12 que queda redactado como segue:

"Sen prexuízo das facultades de dirección que, exclusivamente en materia de emerxencias, lle corresponden á autoridade local competente dacordo coa normativa sectorial de aplicación, tódalas actuacións e operativos que realice a AVPC en materia de protección civil no ámbito local serán autorizados e coordinados polo seu Presidente, que poderá delegar a xestión no Vicepresidente ou nos restantes órganos da AVPC."

2.- Someter a información pública o expediente de modificación."

O Sr. Alcalde ao ter dúbidas sobre a legalidade e o procedemento solicitoulle informe previo á secretaría accidental sobre a moción presentada, e dálle a palabra para que proceda a dar lectura ao informe.

"Solicitado pola alcaldía informe á secretaría accidental na data de 28-05-2021 en relación á legalidade das mocións urxentes presentadas polos señores concelleiros a incluír na sesión a celebrar o vindeiro día 31-05-2021, en cumprimento do disposto no RD 128/2018, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación nacional, emítase a seguinte

DILIXENCIA

Para facer constar que examinada a moción presentada, tendo en conta que a presente moción foi presentada o pasado día 28-05-2021, e da falta de material de tempo para emitir un informe profundo e completo e ao observarse a falta de requisitos esenciais para poder formarse a vontade da Corporación, tal como é o expediente previo e o ditame da comisión informativa correspondente, polo que a mesma non se atén ao establecido nos preceptos legais de aplicación, artigos 128 e ss da Lei 39/2015, LPACAP, e 20.c), e 49 da Lei 7/1985, LRBR, relativos á modificación dun Regulamento municipal. Non existe expediente, nin trámites, nin os informes preceptivos de secretaría e intervención, polo que no caso de aprobarse a proposta de acordo incorrería, a xuízo do que subscribe, en nulidade de pleno



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

dereito, consonte ao establecido no artigo 47.1 da Lei 39/2015, LPACAP, e ao apreciar que debera solicitarse como moción resolutiva e ir na parte correspondente do pleno e non de control e fiscalización dos órganos de goberno. Ao apreciarse a obrigatoriedade da incorporación dos informes de secretaría e/ou intervención, consonte ao establecido no referido art. 92.2 do ROF, solícítase ao Presidente que se aprace o seu estudo, quedando sobre a mesa ata a próxima sesión.”

Ponteceso, 31 de maio de 2021.

O secretario accidental”

O Sr. Alcalde ao abeiro do establecido no artigo 92.2 do ROF acorda aprazar o seu estudo e debate, quedando sobre a mesa ata o próxima sesión.

O Sr. Santiago, concelleiro non adscrito mostra a súa disconformidade, e di que que ten outra moción a presentar, e o Sr. Alcalde dí que se ataña ao orde do día, que primeiro trataranse as mocións presentadas por rexistro e logo as demáis, que ten a palabra o Sr. Pose, voceiro de APIN.

O Sr. Pose, di en primeiro lugar, que esta é a primeira vez que se lles di que as mocións deberan estar separadas na parte resolutiva e control e non está de acordo, o alcalde di que se ataña á orde do día e que proceda á lectura da moción presentada.

MOCIÓN 7

Registro de entrada 20210000000759, do 28-05-2021

“MOCIÓN URGENTE QUE PRESENTA O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE APIN PARA A REBAIXA DO IBI URBANO E RÚSTICO E DO ICIO

Exposición de motivos

Na data de 28/07/2019, o Grupo Municipal de APIN-SON Ponteceso promoveu a celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno aos efectos de aprobar unha rebaixa na base liquidable do IBI e na base imponible do ICIO, que non contaron co apoio necesario da Corporación. Convencidos como estabamos xa naquelas datas da conveniencia da súa aprobación, no momento actual, coa delicada situación económica na que se atopan moitos veciños e veciñas do noso Concello como consecuencia da pandemia da COVID-19, estas rebaixas deveñen indispensables e inaprazables.

Así, baixo estas novas circunstancias e aos efectos de aliviar a presión fiscal soportada polos nosos veciños e veciñas, entendemos necesaria unha nova toma en consideración do Pleno do Concello da conveniencia dunha rebaixa da base liquidable e da base imponible dos tributos municipais do IBI e do ICIO.

Moción

Por todo iso, o voceiro do Grupo Municipal de APIN do Concello de Ponteceso presenta para a súa aprobación en Pleno, os seguintes acordos:

Inicio de expediente para unha posible rebaixa do IBI urbano e rústico ao 0,45% da base



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

liquidable.

Inicio de expediente para unha posible rebaixa do ICIO ao 2% da base impoñible.

Solicitar aos órganos municipais os informes preceptivos, sinaladamente de Intervención aos efectos de comprobar a viabilidade da proposta.”

O Sr. Alcalde, ao plantexarse dúbidas sobre a legalidade da moción presentada dálle a palabra á Interventora para que proceda a dar lectura ao seu informe:

“DILIXENCIA DE INTERVENCIÓN.

ASUNTO: MOCIÓN PRESENTADA POR JOSÉ MANUEL POSE VERDES O 28.05.2021 (NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 20210000000759).

Dilixencia que emito eu, Interventora, para facer constar o seguinte:

PRIMEIRO: O Pleno únicamente pode tratar asuntos que teña legalmente atribuídos , é dicir, que estén definidos nunha norma legal. As competencias do Pleno se regulan no artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local:

“ ...

2. Corresponden, en todo caso, al Pleno municipal en los Ayuntamientos, y a la Asamblea vecinal en el régimen de Concejo Abierto, las siguientes atribuciones:

a) El control y la fiscalización de los órganos de gobierno.

...

d) La aprobación del reglamento orgánico y de las ordenanzas.

e) La determinación de los recursos propios de carácter tributario; la aprobación y modificación de los presupuestos, y la disposición de gastos en materia de su competencia y la aprobación de las cuentas; todo ello de acuerdo con lo dispuesto en la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

...

p) Aquellas otras que deban corresponder al Pleno por exigir su aprobación una mayoría especial.

q) Las demás que expresamente le confieran las leyes.

“ ...”

SEGUNDO: O Alcalde, ao abeiro do artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, é o encargado de dirixir o goberno e a administración municipal e ten a competencia residual de todos aqueles asuntos cuxo coñecemento e resolución non esté atribuído ao Pleno.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

*"1. El **Alcalde** es el Presidente de la Corporación y ostenta las siguientes atribuciones:*

*a) **Dirigir** el gobierno y la administración municipal.*

...

r) Ordenar la publicación, ejecución y hacer cumplir los acuerdos del Ayuntamiento.

*s) Las demás que expresamente le atribuyan las leyes y aquellas que la legislación del Estado o de las comunidades autónomas asignen al municipio y **no atribuyan a otros órganos municipales.***

..."

CONCLUSIÓN:

Advirto por escrito que se ben ao abeiro do artigo 22.2.d) da lei Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local a aprobación da modificación das Ordenanza Fiscais núm. 1 e núm. 3 reguladoras, respectivamente, do IBI e do ICIO corresponden ao Pleno, o único órgano competente para iniciar tal expediente administrativo é, de conformidade có artigo 21.1.a) do mesmo texto legal, o Alcalde.

En consecuencia, o escrito presentado por José Manuel Pose Verdes o 28.05.2021 (número de rexistro de entrada 20210000000759) non debería calificarse como moción ao non reunir os requisitos esixidos polo artigo 97.3 do ROF. Únicamente existiría a posibilidade de reconducilo á consideración de "rogo" para que o Alcalde valore se o acepta ou non.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino dixitalmente a presente dilixencia na data que figura na marxe. A interventora."

De conformidade coa dilixencia de Intervención o Sr. Alcalde manifesta que reconduce a moción a rogo, consonte ao establecido no art. 97.3 do ROF.

De seguido o alcalde vai dar conta das tres mocións que se presentaron hoxe, a primeira no rexistro municipal, e as seguintes que van presentar os concelleiros directamente ao Pleno.

O Sr. Pose pide a palabra e manifesta que a moción que se vai ler a trae él tamén, que é oportunismo e afán de protagonismo por parte do alcalde o traela, o alcalde di que llo pediron na Confraría de Corme e a trae ao Pleno por urxencia.

MOCIÓN 8

Rexistro 20210000000778 do 31-05-2021

MOCIÓN DE URXENCIA que presenta a voceira do G.M. do PSdeG-PSOE

Aló polo ano 2004 o sector do percebe empezou a sufrir na confradía de corme e nas da costa



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

da morte o problema da extracción da mexilla. Un problema serio, perjudicial para o noso sector do percebe xa que como temos comprobado, as pedras quedan totalmente limpas como se unha máquina a presión as lavase. Ese problema cada vez estase a agrabar mais vemos como cada vez máis bateiros do sur se desplazan ao norte para coller a cría da próxima cosecha, sin importar demasiado a zona que está a dañar como ten pasado na do Roncudo.

Unha zona emblemática dando o pobo de Corme a fama de ter o millor percebe do mundo, axudan do así a este pobo e ayuntamiento a ser un referente turístico como pode ser a festa do Percebe Do Roncudo, unha festa que está a un punto de ser festa de interés turístico nacional.

Esta cofradía en conxunto con outras empezou a movilizarnos para conseguir un cambio na normativa que regula a extracción da mexilla por que vemos que nn está a ser regulada como outras leis de pesca.

Dita ley comprende do ano 2002 a que permite a extracción en casi todo litoral galego cun tope de 3500 kilos por batea, unha galicia que supera as 3000 bateas o que supón unha barbarie de kilos.

A información que esta cofradía ten e que a zona sur de Galicia está totalmente arrasada por anos de descontrol un descontrol que se está a propagar por toda costa gallega, un descontrol a vista de moitos xa que casi ou sin casi todas as artes de pesca, se controla a cantidade extraída e con informes biolóxicos.

Por eso que nn e normal que cando unha especie escasee se siga permitindo o mesmo tope que fai 20 anos e se amplíe o tempo de extracción como vimos vendo neste 2 anos.

Consentido así un desequilibrio medio ambiental no que non só o percebe se nn moitas especies como o sargo, reballiza, pulpo etc.

Por iso nn vemos normal como se pode permitir semejante barbaridade de arrasar as costas sin ningún tipo de control xa que nin siquera están obrigados a pasar por lonxa a pesar a captura diaria para así levar un control de kilos extraído na zona.

Dende fai 2 meses vemos como a Zona do Canteiro está Sendo saqueada algún día con un 20 bateiros recolectando a dita mexilla. Unha zona que vai Dende a illa da estrela ata a tiñosa na desembocadura do anllons.

Dita zona nn e dunha calidade máxima de percebe pero cabe recordar que no Roncudo so se traballa un mes ou mes e medio o ano Sendo vital que nas outras zonas da costa exista un control esaxustivo para garantir o futuro do percebe@s xa que non sería beneficioso vivir so do Roncudo xa que esas zonas de pouca calidade son traballadas na maior parte do ano, vendo así un descenso de produción do percebe.

Por iso O PSDEG PSOE de Ponteceso propón ao pleno da corporación o seguinte acordo,



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Instar á Xunta de Galicia, Estado español e Unión Europea, atender as demandas do sector e conseguir unha normativa acorde ca sostenibilidade do ecosistema que permita unha extracción respetuosa co resto da especie e o noso pobo e concello poidamos seguir facendo alagos do noso preciado percebe, percebe que está Sendo ameazado.

Sométese a votación a urxencia, co seguinte resultado:

Votos a favor: Tres (3) os concelleiros do G.M. do PSdeG-PSOE.

Votos en contra: Dez (10), os concelleiros do G.M. do PP, APIN e os non adscritos.

Abstencións: -

Polo que decae a urxencia da moción, e pásase á seguinte.

Pide a palabra o Sr. García Cotelo, voceiro do G.M. do PP, e manifesta a súa disconformidade co proceder do alcalde, e di que non pode ser que infrinxa e faga o que aos demais non permite, o PP ten que presentar as súas mocións con 24 horas de antelación e vostede as presenta cando quere, isto non pode ser, hai que cumprir. O Sr alcalde di que se pase á seguinte.

MOCIÓN 9. Presentada na sesión

MOCIÓN URXENTE que presenta o voceiro do Grupo Municipal de APIN para solicitar á Xunta de Galicia unha nova normativa sobre a extracción de mexilla.

Exposición de motivos

Nas últimas datas, vemos con preocupación como as rochas da nosa Ría están sendo esquiladas de mexilla para o traslado ás bateas doutras rías. Esta situación entendemos que provoca un notable perxuízo na biodiversidade da nosa costa ao tempo que diminúe a capacidade de extracción doutras especies polos mariscadores e pescadores da nosa ría. Non podemos consentir que un modo artesanal de pesca e marisqueo se sinta ameazado por un sistema de esquilación total dos nosos recursos.

Moción

Por todo isto, o voceiro do Grupo Municipal de APIN presenta a súa aprobación en Pleno o seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a que lexisle unha nova normativa sobre a mexilla que teña en conta a necesidade de coidar a nosa contorna e a nosa ría, non permitindo a esquilación total das rochas e vixie e controle a extracción de mexilla.

2º.- Mostrar o total apoio do Pleno

Sométese a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), a totalidade dos concelleiros.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Votos en contra: -

Abstencións: -

Polo que, por unanimidade, o Pleno ACORDA:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a que lexisle unha nova normativa sobre a mexilla que teña en conta a necesidade de coidar a nosa contorna e a nosa ría, non permitindo a esquilmação total das rochas e vixie e controle a extracción de mexilla.

2º.- Mostrar o total apoio do Pleno.

MOCIÓN 10. Presentada na sesión.

ASUNTO: MOCIÓN URXENTE QUE PRESENTA O CONCELLEIRO FAUSTINO SANTIAGO LEMA, NA SÚA CONDICIÓ DE CONCELLEIRO NON ADSCRITO PARA A CREAMIÓ DUNHA COMISIÓ DE PERSOAL E INTERIOR

Don FAUSTINO SANTIAGO LEMA, concelleiro da Corporación Municipal de Ponteceso, ao abeiro do artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais propón ao Pleno da Corporación a aprobación dunha MOCIÓN URXENTE, con baseamento na seguinte,

EXPOSICIÓ DE MOTIVOS

Nos últimos días tivemos novas relativas ós procesos de selección que se están a realizar no Concello, nas cales houbo alegacións, recursos, etc.

Esta situación xera un clima de desconfianza e dúbida que debe ser resolto canto antes o que evidencia e xustifica a urxencia da moción.

Ademais os representantes dos traballadores/as, en reiteradas ocasións se están dirixindo a min denunciando a falta de información e negociación e solicitándome que se faga algo urxente.

MOCIÓN-PROPOSTA

Crear unha **COMISIÓ INFORMATIVA DE PERSOAL E INTERIOR** ó amparo da normativa vixente que abrangue o seguinte:

COMPOSICIÓ: (ó amparo da normativa vixente):

Presidente Titular: D. Raquel Fondo Pérez

Suplente: D. Faustino Santiago Lema

Primeiro vogal: Dna. Julia Ures Villar

Suplente: Pedro Álvarez Bugallo

Segundo vogal: Pablo García Rodríguez

Suplente: Dna. María José Fondo Balsa

Terceiro vogal: D. Rubén Pérez Cotelo

Suplente: D. Alejandro Rodríguez Cruz



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

*Secretario: O secretario/a titular do Concello de Ponteceso
Suplente: O Interventor/a titular do Concello de Ponteceso*

FUNCIONES E COMETIDOS: (ó amparo da normativa vixente):

1. *Propoñer, para seren designados polo Alcalde, ós membros da Corporación que participen nas negociacións relativas ó Artigo 37 do RDL 5/2015 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.*
2. *Propoñer, para seren designados polo Alcalde, ós membros dos órganos de Selección e Tribunais, ó abeiro e cumprindo estritamente co que recolle o artigo 60 do RDL 5/2015 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.*
3. *Todos aqueles outros relacionados co persoal funcionario e laboral ó servizo do Concello de Ponteceso*
4. *Os membros da comisión non percibirán indemnización algunha polo concurrencia efectiva as sesións celebradas.*

O anteriormente exposto e explicado, propónse ó Pleno para a súa aprobación,

*En Ponteceso 31 de Maio de 2021
D. Faustino Santiago Lema"*

O Sr. Alcalde dílle ao secretario se a mesma é legal e manifieste o seu parecer, e o secretario accidental manifiesta que a mesma observa unha falta de competencia do Pleno para pronunciarse sobre a mesma, a competencia e en canto á súa composición estaríase a infrinxir o ROF, xa que na mesma hai membros que non o son da Corporación, polo que deberíase estudar a mesma e informar, polo que tendo en conta que faltaría o informe de secretaría, consonte ao artigo 92.2 do ROF propónse aprazar o seu estudo e debate, quedando sobre a mesa ata a próxima sesión, se non fora así farase constar en acta.

O Sr. Alcalde ao abeiro do establecido no artigo 92.2 do ROF acorda aprazar o seu estudo e debate, quedando sobre a mesa ata o próxima sesión.

Iníciase debate entre varios concelleiros e o alcalde e ante as intervencións o alcalde chámalle á orde ao concelleiro Sr. Santiago.

2.- ROGOS E PREGUNTAS.

2.1.- ROGOS

- Dáse conta do rogo presentado polo voceiro do G.M. de APIN, que é do seguinte teor literal:

"A O Sr, Alcalde que explique o seguinte.

Nos últimos orzamentos do tripartito contemplábanse unha serie de investimento por valor de UN MILLÓN TRESCENTOS NOVENTA E NOVE MIL OITOCENTOS CINCOENTA E UN €,



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

destes investimentos só se executaron SEISCENTOS SESENTA E TRES MIL OITOCENTOS TRES €, o resto (máis de 735.000€) utilizounos vostede dun xeito arbitrario, despilfarrador e clientelista.

Quixera que explicara como é posible que a pesar de non levar a cabo os proxectos gastara esos 735.000 máis o remanente positivo que deixou o tripartito ata quedar en cero practicamente na liquidación do ano 2020, liquidación que non temos os concelleiros pero si a prensa, polo menos algunha prensa."

O Sr. Alcalde manifesta o seguinte:

Os últimos orzamentos aprobados polo tripartito foron os do ano 2019 nos que, efectivamente, contemplábanse investimentos por valor total de 1.399.851,07 € (suma dos 1.138.455,65 € previstos en 1532.619,00 e dos 261.395,42 € previstos en 2019.337.632,00)

1.- Os créditos iniciais da aplicación 2019.1532.619,00 son 1.138.455,65 € sendo a desagregación, de acordo co anexo de investimentos ao orzamento 2019, o seguinte:

EXPLICACIÓN CRÉDITO INICIAL	IMPORTE
PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DÁ BUGALLEIRA REBORDÁNS E OUTROS	414.793,40
PAVIMENTACIÓN VIAIS DE ACCESO A PAZOS (SERGUDE) E OUTROS	215.576,75
PISTA DE NEMEÑO AOS *ÁNXELES E OUTRO	66.045,43
MELLORA DO ACCESO AO NÚCLEO RURAL HISTÓRICO DE BALARÉS	69.000
Corme Porto Rúa Sol e OutroNucleo de Pazos e outros. POS + 2019	151.673,97
Proxecto de pavimentación de ruas. Núcleo de Nemeño e outros. POS+2019	221.366,1
TOTAL	1.138.455,65

A.- Das obras previstas no anexo de investimentos 2019 unicamente licitáronse:

- 1.- PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DÁ BUGALLEIRA REBORDÁNS E OUTROS (prezo de adjudicación 290.763 €),
- 2.- Corme Porto Rúa Sol e Outro. POS + 2019 (RC por importe de 151.673,97€)
- 3.- Proxecto de pavimentación de ruas. Núcleo de Nemeño e outros. POS+2019 (prezo de adjudicación 171.647,27 €, pero o resto ata os 221.366,10 € é crédito non dispoñible ao tratarse de gasto afectado)

TOTAL A: 663.803,07€

B.- O destino do resto dos créditos iniciais orzados foi:

- 1.- 56.250 €: Achega municipal obra "" Acondicionamento de viarios non termo municipal de Ponteceso. Providencia de alcaldía de 09.01.19
- 2.- 57.438,16 €: RC/ para dispor de bolsa de vinculación para extrajudicial 1/2019.
- 3.- 124.416,73 €: RC/ para dispor de bolsa de vinculación para extrajudicial 2/2019.
- 4.- 18.147,00 €: RC/ para dispor de bolsa de vinculación para RC contrato menor ADQUISICIÓN DE TRES FURGONETAS PARA OBRAS E SERVIZOS
- 5.- 45.394,15 €: RC/ para dispor de bolsa de vinculación para extrajudicial nº3/2019
- 6.- 37.961,11 €: Prov. 04.10.2019: RC/ para dispor de de crédito a nivel de vinculación xurídica achega municipal Corme Porto Rúa Sol e Outro. POS + 2019 (o total da obra son os 151.673,97 + 37.961,11)
- 7.- 35.661,38 €: Prov. 04.10.2019: RC/ para dispor de de crédito a nivel de vinculación xurídica achega municipal Plan camiños municipais 2019-2020
- 8.- 30.384,05 €: RC/ para bolsa de vinculación extrajudicial núm. 4/2019.

TOTAL B: 405.652,58 €

C.- Créditos iniciais sen executar: 69.000,00 € é o importe dos créditos iniciais sen executar

TOTAL C: 69.000,00 €

TOTAL A + TOTAL B + TOTAL C = 1.138.455,65 € = CRÉDITOS INICIAIS 2019 EN 1532.619,00

2.- Os créditos iniciais da aplicación 2019.337.632,00 son 261.395,42€ sendo a



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

desagregación, de acordo co anexo de investimentos ao orzamento 2019, o seguinte:

EXPLICACIÓN CRÉDITO INICIAL IMPORTE
MELLORA DE LOCAIS SOCIAIS, INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, EDUCATIVAS, CULTURAIS
200.000,00
AMPLIACIÓN E CUBRICIÓN PARQUE INFANTIL 61.395,42
TOTAL 261.395,42

A.- Das obras previstas no anexo de investimentos 2019 non se licitou ningunha.

TOTAL A: 0,00
€

B.- O destino do resto dos créditos iniciais orzados foi:

1.- 83.202,57 €: providencia de inicio de mc09 tc06-19
2.- 17.125,00 €: RC/ para dispor de bolsa de vinculación
3.- 62.972,50 €: Prov. inicio mc16 tc08-19
4.- 9.166,38 €: providencia de alcaldía expediente 2019/ C002/000016
TOTAL B: 172.466,45

C.- Créditos iniciais sen executar: 88.928,97 € é o importe dos créditos iniciais sen executar

TOTAL C: 88.928,97 €

TOTAL A + TOTAL B + TOTAL C = 261.395,42€ = CRÉDITOS INICIAIS 2019 EN 337.632.00.

Dáse por contestado o rogo de información do Sr. Pose.

- Dáse lectura á moción, reconducida como rogo, de conformidade co artigo 97.3 do ROF, presentada o pasado día 28-05-2021 polo concelleiro non adscrito Don Salvador Eiroa, para o uso de edificio municipal para os concelleiros da Corporación

“AO ALCALDE DO CONCELLO DE PONTECESO PARA ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN

Don SALVADOR EIROA AMEIJENDA, concelleiro da Corporación Municipal de Ponteceso, ao abeiro do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e do 91.4 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propón ao Pleno da Corporación a aprobación dunha MOCIÓN URXENTE, con baseamento na seguinte, Exposición de motivos

A nefasta xestión política levada a cabo polo Alcalde e a perda de apoios por ela provocada fixo bascular o panorama inicial de maiorías da lexislatura, pasando a descansar nos concelleiros non adscritos que, de facto, constitúen o grupo político máis numeroso da Corporación. Asumindo a posición que nos corresponde, unha das nosas tarefas debe ser a de lograr acordos co resto de grupos da oposición na defensa dos intereses dos veciños e veciñas de Ponteceso.

Agora ben, esa tarefa require escoitar aos veciños, reunirse con eles aos efectos de coñecer de primeira man as súas inxerencias e necesidades. Dadas as limitacións que a casa do concello presenta e as dificultades que o Alcalde impuxo a outros grupos da oposición, propoñemos, ao abeiro do artigo 27 do ROF e baseado no exercicio adecuado dos seus dereitos de participación, a cesión de uso aos concelleiros non adscritos, ao grupo municipal do PP e ao grupo municipal de APIN das aulas do Edificio Municipal das Escolas cunha mínima infraestrutura de medios materiais aos efectos de facilitar o seu traballo e manter



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

reunións entre os concelleiros e cos veciños e veciñas do Concello.

Por todo o anterior, presento para a súa aprobación en Pleno a seguinte,

Moción-Proposta

Aprobar a cesión de uso aos concelleiros non adscritos, ao grupo municipal do PP e ao grupo municipal de APIN de aulas do Edificio Municipal das Escolas cunha mínima infraestrutura de medios materiais aos efectos de exercer de forma adecuada os seus dereitos de representación."

O Alcalde manifesta que toma nota do rogo presentado.

- Dáse lectura á moción, reconducida como rogo, de conformidade co artigo 97.3 do ROF, presentada o pasado día 28-05-2021 polo voceiro do G.M. de APIN, Sr. Pose, que é do seguinte teor literal:

"MOCIÓN URGENTE QUE PRESENTA O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE APIN PARA A REBAIXA DO IBI URBANO E RÚSTICO E DO ICIO

Exposición de motivos

Na data de 28/07/2019, o Grupo Municipal de APIN-SON Ponteceso promoveu a celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno aos efectos de aprobar unha rebaixa na base liquidable do IBI e na base impositiva do ICIO, que non contaron co apoio necesario da Corporación. Convencidos como estabamos xa naquelas datas da conveniencia da súa aprobación, no momento actual, coa delicada situación económica na que se atopan moitos veciños e veciñas do noso Concello como consecuencia da pandemia da COVID-19, estas rebaixas debeñen indispensables e inaprazables.

Así, baixo estas novas circunstancias e aos efectos de aliviar a presión fiscal soportada polos nosos veciños e veciñas, entendemos necesaria unha nova toma en consideración do Pleno do Concello da conveniencia dunha rebaixa da base liquidable e da base impositiva dos tributos municipais do IBI e do ICIO.

Moción

Por todo iso, o voceiro do Grupo Municipal de APIN do Concello de Ponteceso presenta para a súa aprobación en Pleno, os seguintes acordos:

Inicio de expediente para unha posible rebaixa do IBI urbano e rústico ao 0,45% da base liquidable.

Inicio de expediente para unha posible rebaixa do ICIO ao 2% da base impositiva.

Solicitar aos órganos municipais os informes preceptivos, sinaladamente de Intervención aos efectos de comprobar a viabilidade da proposta."

O Alcalde manifesta que toma nota do rogo presentado.

O concelleiro Sr. García Cotelo, voceiro do G.M. do P.P. presenta o seguinte rogo:



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

*“O pasado Xoves 20/05/2021 celebrouse o pleno extraordinario o ás 20:00 horas. Xusto que o presidente do Pleno (vostede señor Alcalde) dou por rematada a sesión. Os veciños **Don Jose Costa García**. Que foi con vostede nas listas do PSOE de Ponteceso como número nove. Esta persoa e membro dos **Voluntarios de Protección Civil de Ponteceso**, e polo que se ve, con un trato especial.(dado que ten o vehículo de protección civil na súa casa). E o señor **Don Jesús Amado Allo** presidente da executiva do **PSOE** de Ponteceso. Estas dúas persoas empezaron a soltar impropiedades, insultos e ameazas a todos os concelleiros e concelleiras da oposición, dentro do salón de plenos unha vez rematado o pleno extraordinario.*

ROGA

Que tome as medidas oportunas para que todo isto non se volva a repetir dentro de este Concello. E que non quede vostede de brazos cruzados como o anterior pleno. Vendo os toros dende a barreira.

Vostede será o responsable das consecuencias que acarree este tipo de actuacións.”

O secretario accidental manifesta que se deba enmendar en canto a non procedencia de facer constar datos persoais, que poderan incumprir a Lei Orgánica de Protección de Datos, que estima que non se deberan facer constar. O Sr. García Cotelo di que son persoas do PSOE e que quere que así consten.

O alcalde queda enterado do rogo presentado.

A concelleira non adscrita D^a. ANA PÉREZ IMIA, presenta os seguintes rogos:

“1 Que todos os empregados do plan de emprego social reciban o mesmo trato, que todos teñan as mesmas posibilidades, xa que un dos empregados pode cobrar as vacacións e o resto non. E estiveron sendo sometidos a coaccións pola súa parte e pola Concelleira de Servizos sociais. 2 . que inicien o trámite para poñer número a todas as vivendas do municipio porque nin as de nova construción nin as de hai 15 anos teñen ese dato. 3. Que coloquen un banco no medio do lugar de Cores que xa hai que se solicitou e aínda siguen esperando a que se poñan en contacto con eles ou que poñan o banco.”

O alcalde toma nota dos rogos presentados.

2.2 PREGUNTAS

En primeiro lugar o Sr. Alcalde responde ás preguntas formuladas no último pleno que faltaban por responder:

“qué pasa coas augas pluviais de Pazos,” pregunta de Apin e PP.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Alcalde: se se refire á obra do pos foi rematada con gran calidade incluso engadindo a conexión co asfaltado existente e as pluviais cara o xardín de pazos, máis dun km de aglomerado e 100.000 euros de investimento.

“problemas en xornes”

Alcalde: edificio de protección oficial de Ponteceso, inundacións? Xa se fixo unha actuación, pediuse a outra á AXI, lembrámoslo o outro día á Conselleira de Infraestruturas nunha entrevista, esperemos que se poida solucionar, inda que o edificio tiña que recoller as augas da volta cunha drenaxe perimetral cando se fixo, solicitamos da oposición que faciliten acordos para que o concello teña dispoñibilidade de créditos para obras, se son coherentes co que piden.

O Sr. Santiago, concelleiro non adscrito, di que lle quere preguntar ao secretario accidental que de lectura ao artigo 91.7, porqué non se trataron as mocións e votaron, o alcalde dalle a palabra ao secretario accidental quen di que o que dirixe o debate e o alcalde, que consonte ao artigo 92.2 do ROF ao faltar os informes preceptivos se propón que se deixe encima da mesa para o seu tratamento na sesión seguinte. Sigue o debate, e o Sr. Alcalde dille ao Sr. Santiago que se pode debatir non berrar, que estamos en rogos e preguntas. O Sr. Santiago manifesta a súa discrepancia e que non entende o proceder coas mocións, que quere que se lle explique o das mocións. O secretario accidental responde que no pleno hai unha parte resolutiva e outra de control, as mocións políticas teñen entrada perfectamente na parte de control e fiscalización, as que propoñan acordos que conleven a formación dun expediente, informes e demais requisitos deberan ir na parte resolutiva, que non poderían infrinxir a falta e inexistencia de procedemento legalmente establecido. O Sr. Santiago sigue insistindo na lectura do artigo 91.7 e o alcalde di que se está en rogos e preguntas e non procede este debate.

O Sr. Alcalde manifesta que o Art. 97.7 do ROF establece no seu último parágrafo: “Las preguntas formuladas por escrito con veinticuatro horas de antelación serán contestadas ordinariamente en la sesión o, por causas debidamente motivadas, en la siguiente.”

Debido ao elevado número de mocións presentadas, así como das preguntas, presentadas todas elas a última hora da mañá do venres, anterior hábil á celebración da sesión, e por mor da complexidade das mesmas, que requiren recabar documentos, datos e informes, as mesmas serán contestadas na sesión ordinaria seguinte, consonte ao referido artigo 97.7.

Dáselle lectura ás presentadas para este Pleno:

D. JOSÉ MANUEL POSE VERDES, portavoz de APIN no Concello de Ponteceso, presenta as seguintes:

1ª.- Ao Sr. Alcalde para que conteste no Pleno cal é o grado de execución do servizo contratado con Jardinería Arce respecto do contrato de mantemento de xardíns e cal é o sitio web onde, segundo as bases do contrato se poden consultar as actuacións levadas a cabo.

2ª.- Ao Sr. Alcalde sobre a obra de contrato menor do APARCADOIRO DE 129



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

AUTOCARAVANAS DE CORME. *¿Quen foi nomeado director de obra, director de execución e coordinador de seguridade e saúde?.*

3ª.- Á Sra. Concelleira de Asuntos Sociais o seguinte: Segundo os datos do INE en Ponteceso hai 5500 empadroados, unha curva descendente dende o ano 1990. ¿Que medidas se están a tomar por parte da concellería de asuntos sociais para a atenuación desta curva e se se está a levar algunha actuación para favorecer o asentamento da poboación no Concello?.

4ª.- A o Sr, Alcalde que explique o seguinte: Nos ultimos orzamentos do tripartito contemplábanse unha serie de investimento por valor de UN MILLON TRESCENTOS NOVENTA E NOVE MIL OITOCENTOS CINCOENTA E UN €, destes investimentos só se executaron SEISCENTOS SESENTA E TRES MIL OITOCENTOS TRES €, o resto (máis de 735.000 €) utilizounos vostede dun xeito arbitrario, despilfarrador e clientelista.

Quixera que explicara como é posible que a pesar de non levar a cabo os proxectos gastara esos 735.000 mais o remanente positivo que deixou o tripartito ata quedar en cero practicamente na liquidación do ano 2020, liquidación que non temos os concelleiros pero si a prensa, polo menos algunha prensa.

Por D^a. RAQUEL FONDO PÉREZ, concelleira non adscrita fórmulanse as seguintes preguntas:

1.- *¿Podería aclararnos o motivo polo que un dos vehículos municipais, o Lexus azul, é utilizado por José Souto Mesura, que nin é concelleiro, nin traballador do concello nin tan sequera veciño de Ponteceso? ¿podería aclararnos igualmente que xestión estaba a realizar este señor o día 22 de maio utilizando o vehículo municipal? ¿Trátase dalgunha xestión oficial para a que non se encontra lexitimado de ningún modo ou utiliza este vehículo para fins persoais? ¿Vai abonar este señor ou vostede mesmo o importe dos gastos do uso de este vehículo ou son os veciños de Ponteceso os que temos que soportalo? ¿ É vostede consciente do que isto significa, persoas alleas a este concello usando vehículos municipais?*

2.- *Nas últimas datas tomamos coñecemento de determinadas novidades relativas a procesos de selección que se están a levar a cabo no Concello, que foron obxecto de recursos e alegacións por parte de varios interesados baseados na existencia de certas irregularidades, ¿podería explicarnos o motivo polo que se modificaron as bases da plaza de técnico de turismo? ¿A que se debe que as cambie cando levaban así desde 2016 impedindo que para o mesmo posto e exactamente coas mesmas funcións podan optar os que prestaron o servizo durante todos estes anos? ¿Podería isto deberse a un intento de excluir de forma inxustificada a unha concreta traballadora do concello? ¿Podería confirmarnos se isto constitúe discriminación contra esta traballadora? ¿O motivo real podería ser que pertenezera á miña área delegada no seu día? ¿Tamén os traballadores teñen que pagar as consecuencias? ¿Vostede é acorde ao partido que representa discriminando así aos traballadores?*

3.- *Reiteramos unha pregunta realizada en outro pleno e que quedou sen resposta. ¿Podería aclararnos baixo que criterio se pagou a un empresario determinadas facturas no último trimestre de 2020 que estaban incluídas nun recoñecemento extraxudicial? ¿É certo que*



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

duplicou as facturas para poder sacalas do extraxudicial e así evitar o reparo e a oposición do pleno? ¿Ante a acusación na última comisión de contas de que as facturas foron abonadas pola interventora e non por vostede, que pretende, culpar a unha traballadora municipal da súa nefasta xestión? ¿Como sempre, a culpa é dos membros desta corporación e dos traballadores municipais? ¿Vostede como Alcalde non ten ningunha responsabilidade? ¿Cando non podemos discriminar aos traballadores culpámosos?

A concelleira non adscrita D^a. ANA PÉREZ IMIA, presentou as seguintes preguntas:

“1: O alcalde comprometeuse cos centros educativos As Forcadas e Eduardo Pondal a que o Concello pagaba unha actividade educativa relacionada co medioambiente e o surf, entendo que comprobando que existía crédito e facendo a reserva pertinente do mesmo. Chegado o momento do pago os centros tiveron que correr cos gastos porque o alcalde lles di que non hai cartos. ¿donde meteu os cartos da actividade? ¿pagou esa mesma actividade no CRA donde tamén tivo lugar?

2: Se o Plan de Emprego Social se fixo coa partida de soldos políticos o ano pasado, ¿ porque este ano non destina esa mesma partida e amplía o contrato para que os empregados non queden sen a fonte de ingresos?

3 ¿é certo que este ano non se tramitou en tempo e perdeuse unha subvención de 100.000€ do Fondo de Compensación Ambiental?”

=====

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás vinte e tres horas e vinte e catro minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretario accidental, asinándoa xunto co Sr. Alcalde.

O alcalde-presidente

O secretario accidental

Asdo.: Xosé Lois García Carballido.

Asdo.: Emilio Caínzos Quintás